

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 27 DE ABRIL DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Decreto polo que se dispón o cesamento e o nomeamento de membros do Consello Escolar de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Lobios do treito antigo da estrada OU-312, situado entre o p.q. 2+120 e o p.q. 2+155, marxe esquerda.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Maside dun treito antigo da N-541, xunto co seu dominio público viario.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para realizar os cursos de cara a obter o certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial e na modalidade de ampliación ou promoción, así como os permisos de condución das clases C e/ou D, para a incorporación de condutores/as profesionais ao mercado laboral, axudas que se convocan para o ano 2026 en réxime de concorrencia non competitiva.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón do trámite de información pública do proxecto de Decreto polo que se crea e regula o Rexistro Galego de Autorizacións e Concesións no Dominio Público Marítimo-Terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado do proxecto de orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2026/27, por un importe total de dezasete millóns cincocentos euros (17.000.500,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (Fagal), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de Alzheimer residentes en Galicia e o mantemento da federación para o exercicio 2026, cun importe de oitenta e nove mil douscentos cincuenta euros (89.250,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Meniños para o desenvolvemento dun programa de intervención con mulleres vítimas de violencia sexual en Galicia, cun importe de douscentos corenta e sete mil setecentos euros (247.700,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual correspondente ao Convenio de colaboración entre a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) e a Universidade da Coruña (UDC), para desenvolver actividades no ámbito da rehabilitación arquitectónica e da valorización de madeira de frondosas de Galicia no cambio de uso da Finca de Lourizán, por un importe de vinte e seis mil novecentos oitenta e dous euros (26.982,00 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se toma razón da próxima licitación, por parte da Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do expediente de contratación do Servizo de Rede de Telecomunicacións Corporativa da Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A. para a licitación das obras de construción dun edificio de 54 vivendas de promoción pública (VPP), dous locais comerciais, garaxes e rochos na parcela P-19 do polígono B1, en Valdecorvos, concello de Pontevedra, cun orzamento de licitación e cun valor estimado, IVE excluído, de dez millóns seiscientos oitenta e seis mil trescentos setenta e oito euros con noventa e sete céntimos (10.686.378,97 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración sucesiva de material de hemostasia, estenose e embolización II con destino ás Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde, cun presuposto estimado de seis millóns setecentos vinte e cinco mil trescentos corenta e cinco euros con cincuenta céntimos (6.725.345,50€) IVE engadido, e un valor estimado de trece millóns catrocentos cincuenta mil seiscientos noventa euros con noventa e dous céntimos, sen IVE (13.450.690,92 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva da vacina fronte ao herpes zóster (Shingrix®), por un importe total de licitación de dezaseis millóns douscentos cincuenta e sete mil oitocentos euros, con IVE (16.257.800,00 €), e un valor estimado de trinta e catro millóns trescentos noventa e un mil cincocentos euros, sen IVE (34.391.500,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Federación de Cineclubes de Galicia co fin de desenvolver a programación cinematográfica dos cineclubs galegos en 2026, por un importe de setenta e catro mil oitocentos vinte e tres euros con trinta e dous céntimos (74.823,32 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para eximir da obriga de constituír garantías nos pagamentos á conta, na Orde conxunta da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas pola que se establecen as bases reguladoras destinadas á concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para rehabilitar vivendas destinadas a vivenda habitual de persoas traballadoras con contrato de traballo con empresas que dispoñan de centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, e se efectúa a súa convocatoria para as anualidades 2026 e 2027, por un importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual na Orde pola que se modifica parcialmente a Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se efectúa a súa segunda convocatoria para o ano 2026, por un importe total de oito millóns douscentos vinte e dous mil catrocentos oitenta e sete euros con oitenta e dous céntimos (8.222.487,82 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para subscribir o Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Mancomunidade de Montes de Vigo, co fin de realizar o programa experiencial de formación e emprego Traballos forestais nos montes periurbanos de Vigo, por un importe total de trescentos sesenta e catro mil cincocentos euros (364.500,00 €), así como, a concesión de pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), e a Junta de Castilla y León, a través da Consejería de Medio Ambiente, Vivienda y Ordenación del Territorio, en materia informática, para a cesión do uso da aplicación Xestor e o sistema Corpu.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre as actuacións de promoción da Axencia de Turismo de Galicia para o ano 2026.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal POCTEP Gerês-Xurés.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe de situación, resultados obtidos e impacto do programa Oportunius na xeración, retención, atracción e retorno de talento investigador e na captación de fondos do European Research Council.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei do terceiro sector da acción social en Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a presentación dos datos de avance de peche do exercicio orzamentario 2025.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación do Proxecto de protección contra a contaminación acústica na estrada LU-862, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de seiscentos noventa e dous mil cincocentos noventa e nove euros con vinte e nove céntimos (692.599,29 €).
- Informe sobre a próxima información pública do estudo informativo e de impacto ambiental das variantes leste e oeste de Viveiro.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o inicio da vacinación fronte ao meningococo B en adolescentes o vindeiro 1 de maio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre a política de xestión de documentos electrónicos do sector público autonómico de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA RENOVA OS SEUS MEMBROS

A meirande parte dos grupos decide manter os seus representantes, polo que só se mudan catro deles

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación de parte dos membros do Consello Escolar, dando cumprimento ao establecido na lei reguladora deste órgano, que indica que serán renovados por metades cada dous anos en cada un dos grupos de conselleiros.

Tras seren consultados pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, a meirande parte dos grupos decidiu manter os seus representantes, de xeito que só mudan catro deles. No que atinxe aos representantes de pais e nais do alumnado, por proposta das confederacións das ANPA do ensino público cesa José Antonio Álvarez Caride, que é substituído por Xabier Sánchez Sobral. Ambos representan a Confederación Galega de ANPA e Centros Públicos. No caso do grupo das organizacións empresariais, por proposta da Confederación de Empresarios de Galicia, cesa José Manuel Rodríguez Lago, a quen substitúe Gregorio Amoedo Troncoso.

En representación do profesorado, por proposta dos movementos de renovación pedagóxica de Galicia, sae do Consello Escolar de Galicia Xosé Ramos Rodríguez, a quen substitúe María Camino Pereiro González, ambos da Federación Galega de Movementos de Renovación Pedagóxica. Finalmente, mantéñense os representantes da Administración local, por proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias, agás Xosé Carlos Valcárcel Doval, a quen substitúe Patricia Domínguez Barja.

O Consello Escolar de Galicia, constituído en 1986, é o órgano colexiado de participación dos distintos sectores sociais no ámbito educativo. Funciona como espazo de reflexión, diálogo e proposta sobre a política educativa da Comunidade, co obxectivo de contribuír á mellora da calidade do ensino. A través deste foro, estímúlase a participación activa da sociedade no desenvolvemento e modernización do sistema educativo galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE LOBIOS DUN TREITO ANTIGO DA OU-312, QUE MELLORA O ACCESO AO LUGAR DA FÁBRICA

- Trátase do treito de 71 metros de lonxitude, entre o quilómetro 2+120 e o 2+155, situado na marxe esquerda deste vía, denominado variante V-4
- Co cambio de titularidade, o concello ourensán terá a competencia para actuar neste treito e asume a súa conservación e o seu mantemento

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Lobios do treito antigo da estrada OU-312, que mellora o acceso ao lugar da Fábrica.

Trátase do treito antigo da OU-312, de 71 metros de lonxitude, comprendido entre os puntos quilométricos 2+120 e o 2+155, situado na marxe esquerda, denominado variante V-4.

O citado treito carece de funcionalidade dentro da rede autonómica de estradas de Galicia, de titularidade da Xunta. A súa función principal é dar servizo aos predios lindeiros á estrada, permitindo o acceso a estes sen necesidade de facelo directamente desde a OU-312, así como permitir a conexión entre a vía municipal de acceso ao lugar da Fábrica e a propia estrada OU-312.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de acordo cos informes emitidos polos servizos competentes da Axencia Galega de Infraestruturas, formula a proposta favorable á transferencia de titularidade deste treito, conforme o solicitado polo Concello de Lobios.

A transferencia deste treito a prol do Concello tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Lobios terá a competencia para actuar neste antigo treito da vía, situado na marxe esquerda, denominado variante V-4, e asume a responsabilidade da súa conservación e o seu mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano do treito cuxa titularidade se transfire:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE MASIDE DO TREITO ANTIGO DA ESTRADA N-541, COINCIDENTE CO TRAMO DA RÚA OURENSE

- Trátase do treito antigo de 152 metros de lonxitude situado entre o punto quilométrico 0 e o 0+152, xunto co seu dominio público viario
- O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*
- Correspóndenlle ao Concello, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Maside do treito antigo da estrada N-541, xunto co seu dominio público viario, coincidente co tramo da rúa de Ourense (antiga N-541a).

Trátase concretamente do treito antigo da N-541, de 152 metros de lonxitude, localizado entre o punto quilométrico 0 e o 0+152, xunto co seu dominio público viario.

Esta transferencia dá cumprimento á colaboración co Concello de Maside, tras executar a Xunta as obras dunha senda peonil na rúa Ourense e na súa conexión coa avenida 25 de Xullo, nos concellos de Maside e do Carballiño.

A transferencia do citado treito da rúa Ourense a prol do Concello de Maside tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Maside terá a competencia para actuar neste treito da rúa Ourense, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA UNHA NOVA CONVOCATORIA DUN MILLÓN DE EUROS PARA FACILITAR A INCORPORACIÓN AO MERCADO LABORAL DE NOVOS PROFESIONAIS DO TRANSPORTE

- A medida, posta en marcha o pasado ano, cobre os gastos de obtención do certificado de aptitude profesional e dos permisos de condución das clases C e D.
- Quérese así mellorar a empregabilidade dun sector da poboación, ademais de contribuír a paliar a escaseza de condutores para determinados vehículos
- En 2025 recibíronse máis de medio milleiro de solicitudes, que supuxeron unha achega global de case medio millón de euros

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da segunda convocatoria da orde de axudas para obter o certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial e na modalidade de ampliación ou promoción, así como os permisos de condución das clases C e D. A iniciativa, posta en marcha o ano pasado, volve estar dotada cun millón de euros, co obxectivo de facilitar a incorporación de condutores profesionais ao mercado laboral. Búscase así darlles resposta ás queixas recorrentes do sector do transporte de mercadorías e de viaxeiros por estrada debidas á carencia de persoal que cumpra cos requisitos legais exixidos para conducir determinados vehículos.

A orde inclúe dúas liñas. Unha delas destínase a subvencionar os cursos realizados, coa cualificación de apto, para obter o certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial ou de ampliación ou promoción, para o exercicio da actividade de condutor profesional de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada. A outra liña subvencionará a obtención dos permisos de condución das clases C, C+E, C1, C1+E, D, D+E, D1 e D1+E.

O importe máximo que percibirá cada persoa será de 1.200 euros, tanto para a obtención do permiso de condución das clases C, C1, C+E, D, D1, D1+E e/ou D+E como para a do certificado de aptitude profesional (CAP). Na modalidade de ampliación ou promoción, a contía máxima será de 300 euros. En todo caso, a axuda non pode exceder o total aboado polo alumnado nin superar os 3.900 euros no caso de percibir axudas a través das dúas liñas.

Período subvencionable

O período subvencionable comprende desde o 31 de outubro de 2025 ao 30 de setembro do 2026, ambas as datas incluídas. Neste período as persoas solicitantes deberán superar os cursos de formación CAP e obter os permisos de condución correspondentes, para ter dereito a percibir a axuda. O pagamento tamén deberá realizarse dentro do período subvencionable e non se admitirán pagamentos realizados en efectivo.

As persoas interesadas en acceder ás axudas terán que realizar e superar previamente o curso para a obtención do certificado de aptitude profesional durante o período subvencionable. Non será preciso superar o exame CAP para recibir o pagamento da axuda. Porén, deberán intentar aprobar o exame presentándose a un mínimo de 4

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

convocatorias no período dun ano, desde o remate do curso, salvo que superen o exame nas convocatorias anteriores. No caso contrario, as persoas beneficiarias deberán reintegrar o 20 % do importe da axuda percibida.

Por outra banda, para seren persoas beneficiarias da liña 2, deberán obter un ou varios dos permisos de condución das clases C, C+E, C1, C1+E, D, D+E, D1 ou D1+E durante o período subvencionable.

Unha vez publicada a orde de axudas no *Diario Oficial de Galicia*, as solicitudes deberán presentarse a partir dunha semana despois e ata o 30 de setembro, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Co lanzamento desta convocatoria, a Xunta quere mellorar as posibilidades de empregabilidade dun sector da poboación, ampliando as súas competencias e o seu currículo, como elemento de profesionalización, e promover a súa incorporación ao mercado laboral. De xeito simultáneo, inténtase paliar a escaseza de condutores profesionais, problema xeneralizado nas empresas de loxística da Unión Europea.

O pasado ano recibíronse máis de medio milleiro de solicitudes, 331 para a liña 1 e 281 para a liña 2, que supuxeron achegas que suman case medio millón de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDARÁ A DIXITALIZACIÓN DA XESTIÓN DO LITORAL COA CREACIÓN DO REXISTRO DE AUTORIZACIÓNS E CONCESIÓNS NO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE

- O Consello tomou hoxe razón do trámite de información pública do texto do decreto que creará este rexistro e que estará á disposición da cidadanía no portal de Transparencia durante un mes a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*
- O obxectivo deste novo instrumento administrativo é garantirlles unha maior transparencia e seguridade xurídica a todas as persoas, sectores e administracións con implicación nos usos e actividades que se desenvolven na costa
- O rexistro, que se actualizará de oficio, será accesible por parte da cidadanía e susceptible de emitir certificacións dixitais, e reforzará o proceso impulsado pola Xunta para simplificar e axilizar os procedementos na xestión da costa
- Na procura dun litoral 2.0, a Xunta desenvolveu iniciativas como o Catálogo de bens de valor cultural ou un visor web, e está a ultimar unha aplicación móbil con información de interese sobre as localidades polas que pasa o Camiño do Litoral

A Xunta de Galicia consolidará a dixitalización da xestión do litoral coa creación do rexistro de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre (DPMT), a través do cal se garantizará unha maior transparencia e seguridade xurídica a todas as persoas, sectores e administracións con implicación nos usos e actividades que se desenvolven na costa.

Deste xeito, o Consello tomou hoxe razón do trámite de información pública do decreto que creará este rexistro. Así, este documento estará á disposición da cidadanía e das entidades interesadas para que presenten as súas achegas e suxestións no portal de Transparencia da Xunta a partir do día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e permanecerá aberto durante un mes. Este procedemento ábrese logo de que o anteproxecto de creación deste rexistro fose sometido a consulta pública previa, sen que se recibisen achegas.

Neste novo instrumento administrativo, cuxa creación está prevista na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, deberán inscribirse os títulos e as súas modificacións, así como os seus pregos de condicións, de ser o caso. Actualizarase de oficio e terá carácter público, polo que será accesible por parte da cidadanía. Ademais, será susceptible de emitir certificacións dixitais sobre o seu contido, o que contribuirá a garantir a transparencia e a seguridade xurídica.

A creación deste rexistro reforzará o proceso de dixitalización, simplificación e axilización efectivas dos procedementos de obtención de títulos habilitantes no litoral. De feito, cómpre lembrar que o Goberno galego xa puxo en marcha o mesmo día que se fixo efectivo o traspaso das funcións e servizos nesta materia –o 1 de xullo de 2025– a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

páxina web Galicia litoral, na cal se lle ofrece á cidadanía información sobre consultas ao respecto dos procedementos.

O pasado 1 de xullo tamén se habilitou na sede electrónica da Xunta unha solicitude única para todos os procedementos, ao se unificaren nun mesmo formulario dixital todas as solicitudes de autorizacións e concesións no litoral. Nesa liña, está previsto aprobar nos vindeiros meses o decreto que regulará o procedemento integrado e unificado para autorizacións, concesións e declaracións responsables en DPMT e zona de servidume. Deste xeito, un único trámite dixital substitúe os cinco formularios que se requirían cando o procedemento dependía do Goberno central.

Cómpre lembrar que desde que Galicia asumiu o autogoberno pleno sobre o seu litoral, a Xunta tramita expedientes de concesión e solicitudes para obter autorización para instalacións, actividades, eventos e servizos de tempada na zona de dominio público marítimo-terrestre. Nese tempo, a Xunta desenvolveu entre os novos expedientes de DPMT e os de servidume de protección máis de 1.200 autorizacións, declaracións responsables, concesións e informes, un ritmo que demostra que Galicia sabe asumir competencias con eficacia e seguridade xurídica.

Aposta por un litoral 2.0

Ademais, na procura dun litoral 2.0, a Xunta desenvolveu iniciativas como o Catálogo de bens de valor cultural no litoral, que se pode consultar dixitalmente, ou un visor web que lles permite aos usuarios coñecer de primeira man tanto a área en que se localizan os terreos do seu interese como os usos permitidos segundo o establecido na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

A maiores, o Goberno galego está a ultimar unha aplicación móbil, con información de interese como a flora e a fauna, a gastronomía, o patrimonio cultural, servizos de hostalaría ou a historia das distintas localidades polas que pasa o Camiño do Litoral.

De cara ao futuro, ademais de avanzar na elaboración das Directrices de ordenación do litoral, esta mesma semana constituirase o Foro do litoral, que será o máximo órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento en materia de ordenación da franxa costeira na Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA APROBA NOVAS AXUDAS PARA BLINDAR O APOIO ÁS FAMILIAS CON FILLOS EN IDADE ESCOLAR NO VINDEIRO INICIO DO CURSO

- Defende un sistema de achegas en función da renda para apoiar máis a quen máis o necesita
- Anuncia que o Consello deu luz verde a destinar 17 M€ ás axudas á compra de libros e material para o ano académico 2026/27, que se suman ao préstamo de manuais a través do fondo solidario
- Por segundo ano consecutivo poderá acceder a este fondo tamén o alumnado que estude en centros E-Dixgal, o que consolida o modelo híbrido de aprendizaxe
- Sete de cada dez alumnos de ensinanzas obrigatorias conta con algún tipo de apoio para material e libros
- O Goberno galego introduciu tamén unha nova dedución fiscal para os fogares que non se benefician das axudas
- Esta primavera convocarase, a maiores, as novas axudas ás familias que empregan comedores non xestionados pola Xunta en centros sostidos con fondos públicos
- Estas medidas supoñen un aforro de arredor de 26,5 M€ para as nais e pais, que se complementa co apoio indirecto que supón a matrícula de balde en todas as etapas
- Mantéñense as contías dos vales para mercar cadernos, bolígrafos e todo tipo de material, de 75 e 60 €, así como para libros, que van desde os 160 aos 270 €
- Todo o alumnado de educación especial, así como aquel que teña necesidades específicas de apoio e un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % recibirá 300 € para mercar libros ou material específico e complementario que precise

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou hoxe que o Goberno autonómico “un ano máis seguirá blindando o apoio ás familias con nenos e nenas en idade escolar” cun paquete de axudas en función da renda para “apoiar a quen máis o necesita”.

Deste xeito, a Xunta habilita novas achegas á compra de libros e material, o préstamo de manuais a través do fondo solidario e unha dedución fiscal para os fogares que, polo seu nivel de renda, non se benefician das dúas anteriores. A maiores, esta primavera convocarase as novas axudas ás familias que empregan comedores non xestionados pola Xunta en centros sostidos con fondos públicos, as cales ata o momento non accedían a ningún tipo de bolsa.

Só estas medidas supoñen un aforro para as familias galegas de arredor de 26,5 M€, que se complementa con outros apoios indirectos cun claro impacto na volta ás clases, como a matrícula gratuíta en todas as etapas, desde a escola infantil á universidade.

Nesta liña, Rueda anunciou que o Consello aprobou hoxe “destinar algo máis de 17 millóns de euros a axudas para adquirir libros de texto ou material escolar” a través de tres liñas de actuación: os vales para mercar material, as axudas para a compra de libros

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e o fondo solidario para prestar os manuais que se poden reutilizar, que por segundo ano consecutivo tamén o poderán utilizar os alumnos que participen en E-Dixgal, o que reforza o modelo híbrido.

A través desta convocatoria, que se organiza en función do nivel de renda, todas as familias que cumpran cos requisitos terán cubertos de balde os libros e o material que precisen para os seus fillos e fillas, case na súa totalidade, apoiando máis a quen máis o necesita para garantir a igualdade de oportunidades. Os fogares que non cumpran cos requisitos de renda poderán beneficiarse da dedución fiscal. Cómpre lembrar que, para obter este beneficio, os pagamentos non poderán facerse en diñeiro en efectivo.

No actual curso, 166.449 alumnos tiveron libros de balde a través do fondo, das axudas para a compra de manuais ou do programa de libro electrónico, o que supón o 70 % do alumnado das etapas obrigatorias. Deles, 122.950 accederon tamén a vales de material.

Vales para material

No que atinxe aos vales para material, o presidente sinalou que están dirixidos a todas as familias con "renda per cápita igual ou inferior aos 10.000 €". Mantéñense dúas categorías. Na primeira, para rendas per cápita iguais ou inferiores a 6.000 €, o vale é de 75 €. A segunda comprende as rendas superiores a 6.000 € e iguais ou inferiores a 10.000 €, cun vale de 60 € por alumno.

O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de educación especial e o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % será beneficiario desta axuda polo importe máximo de 75 €, con independencia da renda.

Fondo de libros

O alumnado de todos os cursos en que os manuais se poden reutilizar, isto é, entre 3º de primaria e 4º da ESO, poderá acceder ao fondo de libros, incluídos os participantes no programa E-Dixgal. A través del, poderán ter acceso ata a seis manuais en función do nivel de renda. Tanto para acceder ao fondo como para recibir as axudas de libros e material é requisito fundamental devolver os libros do curso anterior. Ademais, nos casos en que o centro deba adquirir algún libro adicional por non seren suficientes os existentes no fondo, o Goberno galego aboa por cada un 40 € en Primaria e 45 € na ESO.

Nesta ocasión, e ao igual que no curso anterior, non é preciso facer unha remuda ampla de libros, como si foi necesario nos cursos 2022/23 e 2023/24 por mor da implantación dos novos contidos debido á entrada en vigor da lei educativa estatal, que mudou os manuais. Aínda así, o fondo solidario contará con máis de 510.000 manuais para o alumnado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Axudas para adquirir libros

No referido ás axudas á compra de libros de texto, mantense invariable o seu funcionamento xeral, cos mesmos tramos de renda, consolidando o incremento de cursos anteriores, de entre 20 € e 30 € en función da renda familiar.

No caso do alumnado de 1º e 2º de primaria (non incluídos no fondo porque os libros non son reutilizables), así como para o resto dos cursos de ensino obrigatorio que non poidan empregar libros do fondo, a axuda do primeiro tramo (igual ou inferior a 6.000 €) é de 240 € e a do segundo (renda superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €) é de 160€, en primaria. No caso da ESO, os importes sitúanse en 270 € no primeiro tramo e 180 € no segundo.

O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta recibe o importe do primeiro tramo, con independencia da renda, é dicir, 240 € en primaria e 270 € na ESO.

As axudas serán de 300 € para todos os alumnos e alumnas matriculados en educación especial –en centros específicos ou en unidades dentro de centros ordinarios–, así como para os de primaria ou da ESO que, tendo necesidades específicas de apoio educativo e un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, non poidan utilizar os libros de texto do fondo. Percibirán este importe con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 90.000 € A APOIAR AS ENTIDADES QUE TRABALLAN NA ATENCIÓN A PERSOAS CON ALZHEÍMER E OUTRAS DEMENCIAS

Asinarase un convenio coa Federación Galega de Alzheimer (Fagal) para financiar actuacións que desenvolva esta organización ao longo deste ano 2026

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de Alzheimer (Fagal), composta por 15 asociacións que suman máis de 5.000 familias e que leva case tres décadas prestando servizos a persoas con esta doenza e aos seus familiares.

A contía deste acordo é de 89.250 euros e con ela dáse continuidade ao longo deste ano 2026 ao financiamento dos programas e accións que desenvolve Fagal, que teñen como finalidade atrasar o avance desta enfermidade, mellorar a calidade de vida das persoas afectadas e ser un apoio neste proceso.

En concreto, a través deste convenio, o Executivo autonómico sufraga diferentes iniciativas de Fagal, tales como programas de formación a familiares e de apoio ás persoas con alzhéimer, campañas de divulgación e sensibilización e xornadas interdisciplinarias e divulgativas sobre intervención en demencias, prevención e envellecemento activo.

Ademais do apoio ás entidades sociais que traballan no ámbito do alzhéimer, nos últimos anos o Executivo autonómico consolidou unha rede de prazas públicas en centros de día especializados na atención a persoas con esta doenza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON CASE 248.000 € O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CON MULLERES VÍTIMAS DE ABUSO E VIOLENCIA SEXUAL

O Goberno galego incrementa en máis dun 30 % a contía do convenio de colaboración coa Fundación Meniños para dar continuidade a esta iniciativa, que se realiza desde o ano 2018

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Meniños para dar continuidade este ano 2026 a un programa dirixido á rehabilitación integral de mulleres vítimas de abuso e violencia sexual. O Executivo autonómico destina 247.700 euros a este acordo, unha contía que supera en máis dun 30 % o orzamento do anterior acordo.

O obxectivo deste programa é conseguir unha recuperación integral das vítimas. Con este fin, reciben terapia psicolóxica e, como complemento, adestramento físico de forza nunha contorna de seguridade que teña en conta as súas necesidades específicas tanto físicas como emocionais. A través deste programa, tamén se traballa con outras persoas da contorna familiar das vítimas que estivesen expostas a esa violencia.

A Xunta e a Fundación Meniños levan colaborando no acompañamento ás mulleres que sufriron abusos ou violencia sexual desde o ano 2018. Desde entón, atendéronse 706 mulleres, 119 o exercicio pasado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PROMOVEN O EMPREGO DE MADEIRA GALEGA DE FRONDOSAS NO EIDO DA RESTAURACIÓN DO PAZO DE LOURIZÁN

- Asinarán un convenio para reforzar a cooperación, promover a innovación nos ámbitos da arquitectura e do paisaxismo tras o cambio de usos deste espazo
- O acordo inclúe un concurso de ideas para deseñar elementos de construción e mobiliario con madeira de carballo, castiñeiro ou bidueiro como materia prima
- O proxecto de rehabilitación de Lourizán combina a investigación forestal con usos turísticos, hoteleiros, zonas recreativas e de exposición

O Consello da Xunta abordou esta mañá o acordo de colaboración que vai subscribir a Xunta de Galicia a través da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), dependente da Consellería de Economía e Industria, coa Universidade da Coruña (UDC) para promover o emprego de madeira galega de frondosas no proxecto de rehabilitación e cambio de usos previsto para a Finca de Lourizán (Pontevedra).

O acordo entre a Administración galega e a institución universitaria reforzará a cooperación, promoverá a innovación e a transferencia de coñecemento nos ámbitos da arquitectura e o paisaxismo cun abano de actividades que inclúen desde apoio técnico, seminarios e exposicións ata un concurso de deseño. O plan de accións inclúe tanto o edificio como a súa contorna e reflicte o compromiso da Xunta pola recuperación do patrimonio arquitectónico e a valorización dos recursos naturais.

Unha das principais propostas do convenio, en vigor ata decembro de 2027, é a convocatoria dun concurso de ideas, que terá carácter aberto pero que promoverá a participación de alumnos e alumnas da Escola de Arquitectura da Coruña e a Escola de Deseño de Ferrol. O seu obxectivo é formular solucións cunha materia prima concreta: a madeira galega de frondosas como carballo, castiñeiro ou bidueiro que, ademais, deberá ser obtida nas parcelas de experimentación do proxecto de valorización sustentable de frondosas caducifolias que impulsa o Goberno galego.

Os elementos presentados terán que ser usados en construción, interiorismo ou mobiliario e os prototipos gañadores poderán formar parte dos elementos que se deberán incluír na rehabilitación do pazo de Lourizán. O concurso terá lugar este ano.

Cómpre lembrar que a madeira de frondosas é un recurso infrautilizado, que representa máis do 40 % da superficie forestal de Galicia e conseguir que se poida obter unha maior rendibilidade desa superficie forestal «redundará nun mellor coidado dos nosos bosques, favorecendo o efecto de cortalumes natural recoñecido ás masas de frondosas, e nunhas mellores condicións de vida no rural ao xerar máis actividade económica ligada aos aproveitamentos forestais», explican na Xera.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Prestar apoio técnico no ámbito da arquitectura e do paisaxismo e unha xornada de peche que incluíra unha mostra das propostas presentadas e premiadas no concurso, co fin de ver a viabilidade técnica e económica do emprego de madeira galega de frondosas de baixa calidade e diámetro na elaboración de produtos comerciais, son outras das actividades que dan forma ao convenio.

A rehabilitación do pazo de Lourizán corre a cargo do estudio de arquitectura formado pola UTE Pinós-Enrich e permitirá recuperar un espazo emblemático que forma parte da historia de Galicia e cun alto valor cultural e histórico –o edificio está incluído no Catálogo de patrimonio cultural de Galicia– e impulsar o seu posicionamento como centro de referencia forestal no ámbito nacional.

O proxecto busca darlle novos usos ao pazo, para o que se habilitará unha sala de usos múltiples e unha zona para exposicións, e as instalacións albergarán un hotel e un espazo gastronómico.

O obxectivo é conxugar o Centro de Investigación Forestal con usos hoteleiros e de restauración, pero moi apegado ao sector da investigación, de maneira que o proxecto manterá Lourizán como punto de encontro entre investigadores e empresas forestais. Conservará o Xardín Botánico de Galicia, creará o Centro de Conservación do Xermoplasma Forestal e porá en marcha aceleradoras de empresas para reforzar o seu posicionamento como centro de referencia forestal a nivel nacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O XUNTA REFORZA A CAPACIDADE DE RESPONDA DA SÚA REDE DE TELECOMUNICACIÓNS CUN NOVO CONTRATO QUE DARÁ SERVIZO A 3.000 CENTROS CORPORATIVOS

- O Consello da Xunta tomou hoxe razón da próxima licitación dun novo contrato da rede corporativa da Administración autonómica
- Contempla a instalación de accesos a Internet por satélite no CPDI e nos principais edificios da Xunta para situacións de continxencia
- Incluirá unha saída a Internet alternativa doutro operador para garantir a conectividade en caso de fallo do principal
- Mellórase a redundancia do servizo corporativo de telefonía fixa para garantir a continuidade das comunicacións en caso de incidencias
- Dotarase de telefonía móbil por satélite a usuarios críticos para asegurar a conectividade en situacións de emerxencia ou fallo das redes convencionais

A Xunta licitará nos vindeiros días o novo contrato da súa rede corporativa de telecomunicacións, que busca mellorar a capacidade, a dispoñibilidade e a continuidade dunha infraestrutura que é a columna vertebral de todas as comunicacións e os servizos dixitais que a Administración autonómica presta á cidadanía e ás empresas

A rede corporativa de telecomunicacións contacta a arredor 3.000 centros, entre os que se atopan centros educativos, residencias de maiores, oficinas de emprego ou xulgados. O contrato inclúe tamén máis de 33.000 extensións de telefonía fixa, 8.000 liñas de telefonía móbil e o servizo de envío de SMS, que facilita a comunicación coa cidadanía e que, só no último ano, xestionou máis de 13 millóns de mensaxes.

Novos servizos

Entre as principais novidades que incorpora o contrato destaca a instalación de accesos a Internet por satélite no Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI) e nos principais edificios da Xunta, o que permitirá manter a conectividade nas instalacións máis críticas en caso de caída da saída a Internet centralizada.

O contrato inclúe tamén unha saída alternativa a Internet a través doutro operador, garantindo así a continuidade do servizo ante posibles incidencias no provedor principal.

Telefonía móbil e fixa

No ámbito da telefonía, mellórase o respaldo do servizo de telefonía fixa nos principais centros, co obxectivo de asegurar a súa dispoñibilidade ante posibles fallos nos CPD ou na conexión centralizada.

Ademais, prevese dispoñer de servizos de telefonía fixa con dous operadores diferentes para o 112 e dotar de telefonía móbil por satélite a usuarios críticos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Posibilidade de crecemento

O novo contrato establece unha tarifa plana tanto en datos como en voz fixa e móbil, e permitirá un crecemento anual mínimo do 10% nas liñas de datos e telefonía fixa e do 5% nas liñas de telefonía móbil, sen incremento de prezo.

Tamén se incrementa o volume de SMS incluídos, pasando dos 5 millóns anuais solicitados en 2021 a 15 millóns no novo contrato.

Por último, valorarase a renovación de ata 5.000 puntos de acceso wifi en centros educativos.

Orzamento

O alcance do contrato abrangue, ademais, o mantemento do equipamento de comunicacións, os servizos de configuración, instalación e actualización de software, as ferramentas de xestión e monitorización e as tarefas de almacenamento, traslado, reinstalación e mantemento de cableado.

O importe de licitación ascende a 47,36 millóns de euros para os próximos tres anos, dos que arredor de 3 millóns se destinarán ao plan de mellora das infraestruturas tecnolóxicas e de telecomunicacións da Xunta de Galicia, aprobado no Consello do 28 de xullo de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE 54 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN PONTEVEDRA

- Construiranse na parcela 19 de Valdecorvos, cedida polo concello
- A obra licitarase por preto de 11 M€, aos cales se suman preto de 350.000 euros da redacción do proxecto e dirección de obra
- Actualmente a Xunta promove 300 vivendas de promoción pública en Pontevedra
- Todo o investimento en Pontevedra corre a cargo da Xunta, con excepción de 3,7 M€ de fondos europeos, que cofinancian a construción de 74 vivendas, nas cales a Xunta investirá case 13 M€ de fondos propios
- Non existen fondos estatais para financiar estas vivendas, o mesmo que sucede na totalidade das 4.000 vivendas de promoción pública que están en execución en toda Galicia

O Goberno galego licitará as obras de construción de 54 novas vivendas de promoción pública en Pontevedra, segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta. As vivendas construíranse na parcela 19, urbanizada pola Xunta en Valdecorvos, e serán financiadas exclusivamente con fondos propios, sen ningún tipo de cofinanciamento de fondos europeos ou estatais. A parcela foi cedida gratuitamente polo Concello de Pontevedra.

A obra de construción será licitada por un total de 10.686.378,97 euros, aos cales hai que sumar preto de 350.000 euros de redacción do proxecto e dirección de obra, e os custos doutros traballos técnicos. O custo será financiado integramente pola Xunta, sen achegas estatais nin europeas.

O inmovible contará cun total de 24 vivendas de dous dormitorios (das que tres estarán adaptadas para o seu uso por persoas con mobilidade reducida), 24 vivendas de tres dormitorios e 6 de catro dormitorios. Todas as vivendas contarán con rocho e praza de garaxe.

En total, a Xunta ten en Pontevedra, en distintas fases de execución, 300 vivendas de promoción pública, incluídas as 54 cuxa obra se licitará proximamente.

A Xunta continúa dando pasos cara ao cumprimento do compromiso de duplicar o parque de vivenda pública antes do remate de 2028, con 4.000 vivendas en diversas fases de execución.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA ATA AS 130.000 DOSES A COMPRA ANUAL DE VACINAS FRONTE AO HERPES ZÓSTER DEBIDO AO AUMENTO DE MÁIS DO 20 % NO NÚMERO DE VACINADOS

- Galicia está a ampliar notablemente as coberturas vacinais grazas ao envío de SMS informativas e ao labor do persoal sanitario na difusión da necesidade de prevención deste virus
- A vacinación está indicada para as persoas cando fan 65 e 80 anos, ademais de determinados grupos de risco
- Mentres que na campaña de 2023 se vacinou o 31,2 % das persoas de 65 anos e o 24,78 % das de 80, hoxe as coberturas chegan ao 53,19 % e ao 49,03 %, respectivamente
- Esta enfermidade ten unha baixa mortalidade, pero pode ocasionar ampolas, formigo, ardor e discapacidade e diminución da calidade de vida

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da subministración de 130.000 doses da vacina fronte ao herpes zóster por un importe de 16.257.800 euros e un período de 12 meses. Isto supón un incremento dun 27 % no número de doses con respecto á última compra, motivado polo aumento de máis do 20 % no número de persoas vacinadas nos grupos de idade para os cales se indica.

O novo expediente prevé unha posible prórroga, por un máximo dun ano máis, cunha eventual modificación do contrato inicial de ata o 20 %, polo que o valor estimado, neste caso, ascendería a 34.391.500 euros.

Desde o ano 2023, Galicia incorporou ás vacinas incluídas no calendario da sanidade pública a protección fronte ao virus do herpes zóster indicada para todas as persoas cando fan 65 e 80 anos, ademais de para grupos de risco, como persoas con inmunodepresión e certas condicións de risco como a infección por VIH, con enfermidades do sangue malignas ou persoas con tumores sólidos en tratamento con quimioterapia.

Ao longo da campaña de 2023 vacináronse o 31,2 % das persoas de 65 anos e o 24,78 % das de 80, uns niveis de cobertura superiores á media nacional, que foi do 25,5 % e do 24,78 %, respectivamente. Na actualidade, grazas ás iniciativas da Consellería de Sanidade para aumentar as coberturas, esas porcentaxes subiron máis dun 20 %: ata o 53,19 % e o 49,03 %, respectivamente.

Este incremento mantívose na temporada 2024, xa que se vacinaron inicialmente o 38,56 % das persoas nadas en 1959 e que facían 65 anos, así como o 33,11 % das que facían 80. En día de hoxe subiu máis dun 10 %: ata o 50,31 % e o 46,27 %, respectivamente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes datos avalan o labor da Consellería de Sanidade realizado, por unha banda, no ámbito profesional e, por outro, entre a cidadanía.

En primeiro lugar, elaboráronse listas de persoas candidatas á inmunización coas cales o persoal dos centros de saúde puidese traballar na captación de mulleres e homes que puidesen beneficiarse da protección fronte ao herpes zóster.

A maiores, os servizos de medicina preventiva e de diversas especialidades hospitalarias aconsellan a vacinación a persoas de grupos de risco.

Tamén se difundiron os beneficios da vacinación entre a cidadanía a través de vídeos divulgativos nas pantallas dos centros sanitarias e con mensaxes SMS dirixidas ás persoas que chegaban á idade requirida.

Grazas a estas medidas, non só se recuperaron persoas que non se vacinaron no seu momento, senón que nas últimas campañas xa se superan de forma inicial as coberturas do primeiro ano da inclusión da vacina na carteira de servizos pública. Se no ano 2023 a porcentaxe de persoas de 65 anos que se vacinaron en campaña foi do 31,20 %, o ano pasado xa foi do 35,54 %. E no que respecta ás persoas de 80 anos, en 2023 foi do 24,78 % e en 2025 xa estivo no 31,9 %.

Riscos do herpes zóster

O virus varicela zóster é unha enfermidade de baixa mortalidade pero moi prevalente, especialmente a partir dos 50 anos. Os seus síntomas máis comúns son manchas vermellas, ampolas, formigo, ardor ou dificultade para mover algúns músculos da cara.

Unha vez que a erupción sandou pode quedar dor do nervio, o que se coñece como neuralxia posherpética, e que é unha complicación que pode ocasionar discapacidade e diminución da calidade de vida. Polo tanto, a enfermidade constitúe un importante problema de saúde e de carga para a sociedade.

A diminución do impacto por este virus evita tanto os custos directos da asistencia sanitaria (en atención primaria, consultas especializadas, ingresos hospitalarios ou prescricións farmacolóxicas) como custos ocasionados pola perda de produtividade nas persoas máis novas e das persoas cuidadoras dos e das pacientes maiores.

A vacinación fronte ao herpes zóster realízase cunha pauta de dúas doses. A potencial poboación que se beneficiará este ano é de 67.600 persoas e de 67.400 en 2027, que son as persoas que fan 65 e 80 anos. Ademais, seguiranse recaptando persoas nadas en 1943, 1944, 1945, 1958, 1959 e 1960, ás cales lles correspondería a vacina por cohorte de idade desde a inclusión da vacina na sanidade pública galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA POR 6,7 M€ A COMPRA DE MATERIAL DE HEMOSTASIA, ESTENOSE E EMBOLIZACIÓN CON DESTINO ÁS ÁREAS SANITARIAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Trátase de garantir a subministración sucesivo de material implantable para as intervencións cirúrxicas que se realizan nas salas de radioloxía intervencionista e os quirófanos de cirurxía vascular
- É a primeira compra centralizada deste tipo de produtos, o que suporá un aforro de máis de 175.000 euros por cada ano de vixencia do contrato
- O número de unidades que se mercarán supera as 8.300 anuais

O Executivo galego autorizou a contratación, mediante acordo marco, de material de hemostasia, estenose e embolización con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, cun orzamento de 6.725.345 euros para os dous anos de duración inicial que están previstos no contrato.

O contrato ten un valor estimado de 13.450.690 euros, atendendo ás posibles prórrogas, por outros dous anos.

É a primeira vez que este tipo de material vai ser adquirido mediante unha contratación centralizada, seguindo a liña iniciada polo Servizo Galego de Saúde. Polo tanto, esta licitación global supón un paso máis na materialización dos plans de compras integradas do departamento sanitario galego, que suporá un valor estimado superior aos 175.000 euros para cada ano de vixencia do contrato.

O material que adquirirá para as intervencións cirúrxicas que se realizan nas salas de radioloxía intervencionista e os quirófanos de cirurxía vascular son dispositivos percutáneos de peche vascular, stents para arterias cervicais, dispositivos intrasaculares e stents para aneurismas intracraneais.

O número de unidades que se mercarán, atendendo do consumo de anos anteriores, supera as 8.300 anuais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UN NOVO CONVENIO POR VALOR DE 60.000 € PARA CONTINUAR A FOMENTAR A ACTIVIDADE DOS CINECLUBS DE 13 LOCALIDADES GALEGAS

- O acordo autorizado hoxe no Consello posibilitará o desenvolvemento ata novembro dunha programación que inclúe 13 ciclos e seis semanas de cine
- Apóiase o labor destas asociacións culturais para conformar unha carteleira cinematográfica descentralizada e de calidade, con especial atención á produción audiovisual galega

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o novo convenio de colaboración coa Federación de Cineclubes de Galicia para o desenvolvemento ata novembro deste ano dunha ampla programación cinematográfica que chegará a 13 localidades galegas a través das pantallas dos cineclubs asociados. Cunha dotación de 60.000 euros, entre as accións apoiadas destaca a organización de 13 ciclos e seis semanas de cine, ademais da terceira edición do Programa Fimoteca, polo que a cinemateca da Xunta estenderá unha escolma da súa carteleira fóra da súa sede na cidade da Coruña.

Neste último caso, o obxectivo é continuar descentralizando a actividade de exhibición que se desenvolve na sala de proxeccións José Sellier mediante unha programación que chegará inicialmente este ano a nove municipios: A Illa de Arousa, Bueu, Cangas de Morrazo, Lugo, O Carballiño, Ourense, Pontevedra, Tui e Vilagarcía de Arousa. Así, o Programa Fimoteca ofrécelle ao público destas poboacións unha escolma representativa da carteleira ofrecida na Coruña durante o último ano, con especial atención á produción galega máis recente, para a cal se reserva o 20 % das proxeccións. A próxima cita que figura nesta axenda é a proxección das longametraxes *Smog en tu corazón*, de Lucía Seles, esta tarde en Ourense, e *La condena*, de Bela Tarr, o mércores 29 de abril en Lugo.

Ao abeiro deste acordo, o Goberno galego, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, presta desde 2015 un apoio continuado á Federación de Cineclubes de Galicia, co obxectivo de garantir e fomentar a estabilidade e a calidade dunha carteleira cinematográfica descentralizada e á marxe dos circuitos comerciais, así como para difundir de xeito destacado a produción audiovisual galega e contribuír á creación de públicos.

A esta iniciativa da Axencia Galega de Industrias Culturais acóllense este ano o Cineclub Pontevedra, Cineclub Lumière-Vigo, Cineclub Adegas de Vilagarcía de Arousa, Cineclub Cangas, Cineclub Bueu, Cineclub Padre Feijoo de Ourense, Cineclub Groucho Marx do Barco de Valdeorras, Cineclub do Carballiño, Cineclub Valle Inclán de Lugo, Cineclub Val Miñor AG de Nigrán, Cineclub Serie B de Narón, Cineclub Entrecortiñas da Illa de Arousa e Cineclub Tui.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A PRIMEIRA ORDE PARA REHABILITAR VIVENDAS DESTINADAS A TRABALLADORES CO OBXECTIVO DE CUBRIR VACANTES E FIXAR POBOACIÓN NO RURAL

- Rueda salienta que se destinarán 1,5 M€ a que concellos e empresas reformen inmobles en municipios de menos de 20.000 habitantes
- Os beneficiarios deberán destinar durante polo menos 10 anos estas vivendas a aluguer o cesión a traballadores da contorna
- Destaca que para garantir a cobertura de vacantes laborais botando man —cando sexa necesario— da atracción do talento exterior, valorarase que os inmobles sexan para persoas beneficiarias “do programa Retorna Cualifica Emprego ou das bolsas BEME para estudar un mestrado”
- Ao puntuar as solicitudes teranse en conta tamén outras cuestións como que as persoas destinatarias finais traballen nun sector estratéxico, a distancia da vivenda co centro de traballo, a demografía do municipio ou a sostibilidade da rehabilitación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou lanzar por primeira vez “unha liña de axudas para rehabilitar vivendas en concellos de menos de 20.000 habitantes que vaian destinadas a traballadores en centros da contorna”. “Queremos facilitar que vivan no rural as persoas que traballen alí”, indicou.

Esta convocatoria bianual (2026-2027), conxunta das consellerías de Emprego, Comercio e Emigración e de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e dotada de 1,5 millóns de euros, busca dar resposta tanto ás necesidades de man de obra do tecido produtivo —priorizando sectores estratéxicos— como ás de acceso á vivenda das persoas traballadoras, ao tempo que se avanza na fixación de poboación e na vertebración do territorio galego.

Poderán beneficiarse das axudas os propietarios, usufrutuarios ou cesionarios do uso desas vivendas por un prazo mínimo de 10 anos, xa sexan as propias empresas que contratan ou persoas físicas e concellos que se comprometan con elas a destinar os inmobles que rehabiliten aos seus traballadores.

Para garantir a cobertura das vacantes laborais botando man —cando sexa necesario— da atracción do talento exterior, Rueda explicou que á hora de valorar as solicitudes “terán prioridade” vivendas que sexan para persoas contratadas ao abeiro do programa Retorna Cualifica Emprego ou que “teñan unha bolsa excelencia mocidade exterior (BEME) para estudar un mestrado na comunidade”.

Requisitos e valoración

A orde —que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* na primeira quincena de maio— recolle dúas liñas. Por unha banda, a destinada tanto ás empresas como ás persoas físicas que se comprometan con elas a destinar as vivendas que rehabiliten ás súas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

persoas traballadoras, dotada con 750.000 euros. Por outra, a dirixida aos concellos que tamén subscriban coas empresas o oportuno instrumento xurídico, con outros 750.000 euros. Da contía total de 1,5 M€, 600.000 euros corresponden á presente anualidade e os restantes 900.000 euros, á de 2027.

As axudas poderán destinarse tanto á rehabilitación de vivendas unifamiliares como de edificios residenciais colectivos inacabados ou que se encontren en situación de esqueleto inmobiliario, neste último caso ata un máximo de 10 axudas. Inclúese como subvencionable a terminación e/ou ampliación dos inmobles e as obras de accesibilidade, conservación, habitabilidade, sustentabilidade ou eficiencia enerxética, e mesmo actuacións preparatorias como informes técnicos ou gastos de tramitación. A maiores da axuda para a rehabilitación, os interesados poderán solicitar a contratación do seguro de impago do alugamento ou cesión de uso. “As axudas oscilarán entre os 30.000 e os 75.000 € como máximo”, indicou.

Á hora de puntuar as solicitudes, e máis aló da mencionada valoración das persoas beneficiarias do Retorna cualifica emprego e das BEME como destinatarias finais, teranse en conta outras cuestións como que as vivendas sexan para persoas traballadoras “de sectores estratéxicos para Galicia”, concretamente o da automoción, naval, metalmecánico, téxtil-moda, TIC e industrias culturais, así como as actividades agroalimentarias, pesqueiras, forestais ou de coidados de maiores, pola súa contribución ao desenvolvemento económico, a cohesión territorial e a fixación de poboación. A maiores, avalíase a distancia entre os inmobles e os centros de traballo correspondentes –non poderán acollerse a axuda os situados a máis de 15 km–, o tamaño poboacional do municipio e a súa evolución demográfica nos últimos dez anos – así como que a vivenda se sitúe nunha área Rexurbe– ou as condicións de sostibilidade da rehabilitación, mellorando a eficiencia enerxética ou empregando materiais de baixo impacto ambiental e técnicas de construción sostible.

Compromiso coa empregabilidade e co acceso á vivenda

A nova orde conxunta das consellerías de Emprego e Vivenda alíñase cos principais retos de ambos os departamentos. No primeiro caso, permite avanzar na cobertura de vacantes por parte do tecido produtivo, proporcionándolles ás persoas traballadoras o acceso á vivenda imprescindible para que poidan aceptar un emprego e establecerse con todas as garantías, tanto á forza laboral interna como á exterior necesaria para seguir avanzando no encaixe de oferta e demanda que redunde no desenvolvemento económico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UNHA SEGUNDA CONVOCATORIA 2026-2027 DOS OBRADOIROS DUAIS PARA ACADAR UN CENTO DE PROXECTOS E 2.000 PERSOAS DESEMPREGADAS BENEFICIADAS

- O Consello de Goberno coñeceu a segunda orde deste ano dirixida a concellos por 8,2 M€, coa cales se prevén 16 accións de 9 meses de duración para máis de 320 persoas, tras resolverse a primeira con 82 achegas concedidas en beneficio dunhas 1.700 persoas
- Búscase garantir o máximo impacto destes programas que combinan formación, traballo efectivo e incentivos á inserción, o que posibilitará chegar a máis entidades locais co conseguinte aumento de cobertura e reforzo da cohesión social e territorial
- Na liña das novidades da primeira convocatoria, 3,3 M€ serán para obradoiros que impartan certificados profesionais relacionados coa prevención e extinción de incendios forestais, incluída a recuperación de soutos e xestión de frondosas autóctonas
- Como evolución destes obradoiros, o Consello tamén analizou un novo modelo piloto de formación e emprego que aposta pola colaboración público-privada e arranca cun convenio para a prevención e recuperación de terreos afectados polo lume en Vigo

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha segunda convocatoria 2026-2027 da orde de axudas destinada á posta en marcha de obradoiros duais, programas que combinan formación teórica e eminentemente práctica con traballo efectivo en beneficio das respectivas contornas e incentivos para a posterior inserción laboral, o que confirma o aumento dos dirixidos ás empresas e a incorporación dos concibidos para os propios concellos. Tras a primeira publicada o pasado mes de novembro por 48,1 M€ —que se acaba de resolver con 83 achegas concedidas para desenvolver outras tantas accións nas cales participarán unhas 1.700 persoas desempregadas—, en maio sairá unha nova orde por 8,2 M€, coa que se prevé realizar outros 16 obradoiros para máis de 320 persoas, tamén de nove meses de duración. En total, un cento de proxectos e arredor de 2.000 persoas beneficiarias.

A finalidade é garantir o máximo impacto das políticas activas de emprego, o que posibilitará que aquelas entidades locais que non resultaron beneficiarias na primeira convocatoria poidan selo nesta segunda, co consecuente incremento na cobertura e reforzo da cohesión social e territorial.

No marco desta ampliación, e na mesma liña das novidades introducidas na primeira, destinaranse 3,3 M€ a obradoiros que impartan certificados profesionais da familia profesional agraria e da de seguridade e medio ambiente relacionadas coa prevención e extinción de incendios forestais. Inclúiranse nesta reserva os programas que teñan como obxecto a recuperación dos soutos e os de xestión de masas consolidadas de frondosas autóctonas. Estes programas completaranse con outros orientados a cubrir necesidades

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

clave de man de obra en cada municipio, como poden ser a construción ou a atención sociosanitaria.

Detalles da convocatoria

Os proxectos de obradoiros duais de emprego poden ser promovidos polos concellos, mancomunidades de municipios ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a estas entidades. Trátase de programas públicos de emprego-formación que teñen por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social que lles posibiliten a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa inserción no mercado de traballo.

Cada proxecto contará cun grupo máximo de 20 participantes e terá unha duración de nove meses. A selección do alumnado priorizará aquelas persoas con especiais dificultades de inserción laboral, como mulleres, vítimas de violencia de xénero, emigrantes retornados, persoas desempregadas de longa duración, maiores de 52 anos ou persoas sen titulación superior, así como persoas con discapacidade ou beneficiarias da renda básica de inserción.

Igual que na primeira convocatoria, primaranse os obradoiros duais de emprego que impartan formación en certificados profesionais da familia agraria e de seguridade e medio ambiente ou que inclúan obras ou servizos vinculados ao ámbito da prevención de lumes e restauración dos territorios afectados por incendios forestais no ano 2025, ademais dos promovidos por concellos resultantes de fusión.

Canto aos incentivos, volverán ser de 3.000 euros por persoa contratada nas empresas e manteñen unha compensación de 1.500 euros aos concellos por cada alumno ou alumna contratado/a tras finalizar o obradoiro. A Xunta asume tanto o financiamento da formación como os custos salariais derivados dos contratos do alumnado traballador.

Novo piloto de colaboración público-privada

Como evolución dos obradoiros, o Consello da Xunta de hoxe tamén coñeceu un novo modelo piloto de formación e emprego que aposta pola colaboración público-privada para axustar a formación de xeito específico ao territorio en que se vai actuar ou ao sector a que se busca dar resposta, con propostas non formais deseñadas *ad hoc* para obter a máxima eficacia. O primeiro convenio asinarase coa Mancomunidade de Montes de Vigo para desenvolver un programa orientado á prevención e recuperación de terreos afectados polos incendios nos montes periurbanos vigueses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ESTREA UN PROGRAMA PILOTO DE FORMACIÓN E EMPREGO PARA CUBRIR AS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE TERRITORIOS OU SECTORES A TRAVÉS DA COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA

- O Consello de Goberno aprobou o primeiro destes programas, que se desenvolverá mediante un convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Mancomunidade de Montes de Vigo, cunha achega autonómica de 364.500 euros
- Neste caso, impulsará formación teórica e principalmente práctica deseñada de xeito específico para a prevención e recuperación de terreos afectados polos incendios nos montes periurbanos de Vigo, con traballo efectivo de interese xeral nesa contorna
- Beneficiará 15 persoas sen traballo durante 9 meses con case 400 horas formativas, e abordaranse os montes periurbanos, a xestión da biomasa e prevención de incendios, operacións de vixilancia e extinción e o mantemento de espazos nos montes vigueses
- Fíxase como obxectivo a inserción laboral dun 20 % do alumnado, no prazo máximo de 2 meses desde o fin do programa e por un mínimo de 3 meses a xornada completa, con incentivos para a Mancomunidade de 1.500 € por cada contrato
- O novo modelo de programas de formación e emprego no marco da colaboración público-privada complementa a orde de obradoiros duais para concellos, que tras a primeira convocatoria 2026-2027 por 48,1 M€ viu aprobada hoxe outra por 8,2 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o primeiro dunha serie de convenios no marco dun modelo piloto de xestión dos programas mixtos de formación e emprego que aposta pola colaboración público-privada para axustar a formación de xeito específico ao territorio en que se vai actuar ou ao sector ao cal se busca dar resposta, con propostas non formais deseñadas *ad hoc* para obter a máxima eficacia. Co fin de seguir incrementando as oportunidades laborais ao tempo que se responde ás necesidades concretas de cada contorna –non só no referido á man de obra que se precisa senón tamén no que atinxe aos servizos ou traballos de interese xeral que cómpre levar a cabo–, ese primeiro convenio asinarao a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración coa Mancomunidade de Montes de Vigo, cunha achega autonómica de 364.500 euros para desenvolver un programa orientado á prevención e recuperación de terreos afectados polos incendios nos montes periurbanos de Vigo.

Coa previsión de beneficiar 15 persoas desempregadas cunha acción de nove meses de duración, impulsárase formación teórica e principalmente práctica (preferentemente un 65 % do total) no ámbito das familias profesionais agraria e de seguridade e medio ambiente. O obxectivo é reforzar as competencias do alumnado participante evolucionando desde o concepto dos obradoiros tradicionais ata unha formación específica non suxeita a un itinerario formativo regrado, senón a un directamente relacionado co traballo efectivo que posteriormente realizarán –neste caso– na contorna viguesa, co fin ulterior de mellorar as súas posibilidades de inserción laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nese senso, unha vez rematado o programa, o convenio fixa como obxectivo específico que a Mancomunidade de Montes de Vigo acade que o 20 % do alumnado traballador participante formalice, no prazo máximo de dous meses, un contrato de traballo, durante un mínimo de tres meses a xornada completa, en ocupacións relacionadas coas materias impartidas e no ámbito territorial de Galicia. Así, establécese que a Mancomunidade percibirá un incentivo de 1.500 euros por cada inserción laboral, tras un proceso de asesoramento pola súa parte, que incluírá a prospección de empresas e, a maiores da orientación cara ao traballo por conta allea, a posibilidade do emprendemento en beneficio do asentamento de actividade económica na Comunidade.

Formación orientada ao territorio

Como entidade con experiencia acreditada en programas de formación e emprego dirixidos a mellorar a cualificación e as oportunidades das persoas desempregadas, a Mancomunidade de Montes de Vigo implementará unha formación distribuída en 385 horas formativas, que arrancará previsiblemente este vindeiro mes de maio. Nun total de cinco bloques, abordaranse as particularidades e seguridade laboral nos montes periurbanos, a xestión da biomasa e prevención de incendios nesas zonas, operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais na interface urbano-forestal e o mantemento de espazos de uso social e conservación ambiental nos montes de Vigo.

As persoas participantes –que seleccionará a Mancomunidade mediante un procedemento específico deseñado en colaboración co Servizo Público de Emprego de Galicia– deberán contar cunhas competencias previas que poderán completar e especializar grazas ao novo proxecto. Deste xeito, beneficiaranse tanto elas –complementando a súa cualificación– como o territorio en que actúan, que precisa destes perfís profesionais para executar os traballos necesarios de cara á prevención e recuperación de terreos afectados polos lumes, considerados de interese xeral e social.

Complemento dos obradoiros duais

O novo modelo piloto complementa a orde de obradoiros duais dirixida a concellos, cuxa primeira convocatoria de 2026-2027 contou cun orzamento de 48,1 M€, dos cales 20 M€ estaban orientados precisamente a obradoiros das familias agraria e de seguridade e medio ambiente, co fin de fortalecer a prevención e extinción de incendios forestais e axudar na restauración dos terreos afectados polos lumes. O Consello da Xunta de hoxe aprobou unha nova convocatoria de obradoiros duais bianual, por un importe de 8,2 M€, que permitirá beneficiar máis de 320 persoas sen emprego a través da realización de 16 proxectos noutros tantos municipios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA EXPORTA COÑECEMENTO AO GOBERNO DE CASTILLA Y LEÓN E CEDE DOUS SISTEMAS GALEGOS DE INFORMACIÓN PARA A XESTIÓN FORESTAL

- O Consello aprobou hoxe a sinatura dun convenio para pór á súa disposición a aplicación Xestor e o sistema Corpu, deseñados pola Consellería do Medio Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
- Xestor é unha aplicación deseñada para a xestión económica de actuación e proxectos no ámbito forestal, mentres que Corpu ten como finalidade a organización dos aproveitamentos de corta de montes xestionados pola Administración

O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a sinatura dun convenio entre a Xunta, a través da Consellería do Medio Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), e a Junta de Castilla y León para pór á disposición da Consejería de Medio Ambiente, Vivienda y Ordenación del Territorio dous sistemas de información para a xestión forestal deseñados pola propia Administración autonómica. En concreto, trátase da aplicación galega Xestor e o sistema Corpu, empregados pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Esta cesión ten como fin a análise, estudo e, de ser o caso, a reutilización parcial para dar solucións técnicas aproveitables que poidan completar o sistema de información para a xestión de proxectos, obras, servizos e subministracións no medio natural da Dirección General de Patrimonio Natural y Política Forestal de Castilla y León. En definitiva, trátase de exportar o coñecemento en materia de información forestal por parte da Consellería do Medio Rural e pola Amtega.

A Xunta de Galicia desenvolveu os sistemas obxecto deste convenio. Xestor ofrece soporte da xestión orzamentaria e administrativa dos gastos relativos a expedientes de obras; servizos e subministracións; e investimento directo da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, entre os que se atopan os tratamentos silvícolas, infraestruturas, repoboacións, redacción de proxectos, mellora xenética, deslindamentos ou compra de material, entre outros. É, polo tanto, un sistema para a xestión económica de actuacións e proxectos no ámbito forestal.

No caso de Corpu, a súa finalidade é a organización dos aproveitamentos de corta de montes xestionados pola Administración segundo os convenios e consorcios que a habilitan para eles. Está orientada tanto para persoal técnico da Administración como para empresas e profesionais interesados en participar nos procesos de adxudicación. Con Corpu búscase permitir a planificación, tramitación e control dos procesos de corta e venda de madeira, garantindo unha xestión eficiente, a súa rastrexabilidade e conforme a normativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este convenio é un exemplo de colaboración entre administracións públicas para compartir recursos que melloran a vida das persoas e a xestión das actividades económicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O XACOBEO 2027, A MARCA PAÍS GALICIA CALIDADE E O ASTROTURISMO COA ECLIPSE DO 12 DE AGOSTO CENTRAN A PROMOCIÓN DO DESTINO GALICIA NESTE ANO 2026

- O Consello da Xunta aproba o Plan de promoción de turismo de Galicia
- A Xunta prevé realizar máis de 150 accións de promoción turística en arredor de 20 mercados, cun investimento de 13 M€
- Intensifícanse as actividades de difusión da Comunidade destinadas a segmentos turísticos como o Premium e o MICE
- Está prevista a participación en diversos foros profesionais coa finalidade de acadar unha mellor conectividade aérea

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Plan de promoción de turismo de Galicia para este 2026. Entre as accións para este ano destaca o protagonismo especial da marca país Galicia Calidade, a promoción do astroturismo coa eclipse de agosto como principal reclamo e o Xacobeo 2027, xunto coa intensificación da promoción en segmentos turísticos como o Premium e de reunións.

En total, o plan estima a realización de máis de 150 accións de promoción turística, que permitirán achegar o destino Galicia a arredor de 20 mercados. Para isto, está previsto un investimento de 13 M€. Mediante este orzamento quérese cubrir a participación en feiras nacionais e internacionais do sector, a organización de eventos promocionais de alto impacto, a negociación de acordos estratéxicos con operadores turísticos clave e outras campañas de promoción e publicidade

As accións alíñanse cos obxectivos da Estratexia de turismo de Galicia 2030 e buscan incrementar progresivamente a proxección internacional. Para isto, participárase en máis de 30 feiras clave, promoveranse arredor de 40 viaxes de familiarización, colaborarase con axentes turísticos en mercados prioritarios e ampliaranse e diversificaranse os mercados con máis potencial. Ademais, consolidárase o posicionamento en mercados nacionais a través da diversificación da oferta, a desestacionalización e a redistribución territorial.

Galicia Calidade

O informe destaca o reforzo da marca país Galicia Calidade, que incide na rexión como un destino auténtico e diferenciado, cunha oferta turística baseada na excelencia, a hospitalidade e o respecto pola contorna. Para isto, apostárase por segmentos como o turismo MICE ou de reunións, unha modalidade desestacionalizadora da demanda, con alta capacidade de gasto e que contribúe de forma notoria a prestixiar a imaxe de marca do destino e facilitar o seu posicionamento internacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, segundo se lembra no informe, o turismo MICE adquire historicamente especial relevancia nos anos anteriores e posteriores ao Xacobeo, cun gran número de reunións, xornadas, congresos e eventos profesionais. Deste modo, intensifícanse as actividades de difusión da Comunidade destinadas a estes públicos, con presenza prevista en 14 eventos deste tipo, como a Feira IMEX –que se vai realizar en maio en Fráncfort–, o Mis Internacional –*workshop* en outubro na Coruña– ou a Feira IBTM World, a máis importante en España, que se desenvolverá en novembro en Barcelona.

Outro dos segmentos prioritarios no Plan de promoción de 2026 é o do turismo de alto valor engadido ou turismo Premium. Este recolle a mellor oferta turística de Galicia, tanto patrimonial, cultural como a relacionada cos recursos e servizos turísticos máis salientables. Para favorecer esta modalidade, participárase en eventos especializados como Cultourfair, feira internacional B2B especializada en turismo cultural de alto *standing*, ou o Salón ILTM, que ten lugar en Cannes en decembro co foco no turismo de luxo.

O informe destaca tamén a Ruta da camelia, un dos dez produtos «cabeceira de marca» da oferta turística de Galicia, que atrae un público dun nivel cultural e adquisitivo medio-alto. Inclúese aquí a promoción a través de iniciativas como a Exposición da Camelia en Fonseca (Santiago de Compostela), participación na XV Exposición Camelia Rocha Vella e na XXX Exposición da Camelia en Vedra. Tamén se asistirá por vez primeira ao evento Orticolario, que terá lugar en outubro na Lago Como en Italia cun xardín de inspiración galega.

Xacobeo 2027

Outro dos focos do Plan de promoción é o Xacobeo 2027, que neste ano intensifica o seu traballo de organización e difusión. Co patrocinio a grandes eventos e a consolidación da programación xa en marcha, promoveranse as actividades a través das cales avanzar a celebración do próximo Ano Santo.

Así, no segundo semestre do ano desenvolverase a Semana do Camiño 2026. Entre outras, está prevista a súa organización en Río de Xaneiro (Brasil) en colaboración coa Oficina Española de Turismo de São Paulo, e coa OET de México prevese unha Exposición de Iacobus Gaudet en Guadalaxara (México), xunto con outras actividades.

Ademais, realizaranse distintas viaxes de familiarización específicas sobre o Camiño de Santiago. Entre outras, haberá visitas de turoperadores e axentes de viaxes organizadas coas oficinas españolas de turismo (OET) de Bos Aires, Toronto ou Os Ánxeles; viaxes de prensa polo Camiño do Norte en colaboración coas OET de Berlín e Roma; e viaxes con influenciadores (*influencers*) australianos, canadenses, xaponeses ou coreanos percorrendo distintas rutas xacobeas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde Turismo de Galicia darase tamén continuidade ás accións de colocacións de mouteiras xacobeas en distintas localidades, con previsión de realizar inauguracións en Toledo e Southampton.

Conectividade aérea

Un dos puntos que se prevé reforzar en 2026 son as accións de reforzo da conectividade aérea da comunidade. Así, está prevista a participación en diversos foros profesionais coa finalidade de promocionar o destino turístico coas diferentes aeroliñas e así favorecer novas conexións.

En concreto, Turismo de Galicia participará na Xornada de conectividade aérea, que convocan con carácter anual Turespaña e Aena e que desenvolve este ano a súa quinta edición en Reus (Tarragona, os días 28 e 29 de abril). A maiores, acudirase á feira especializada en conectividade aérea Routes Europe, en Rimini, Italia, do 18 ao 20 de maio.

Outros recursos

O plan prevé tamén a promoción a través de redes sociais, medios de comunicación e plataformas de publicidade convencionais. Para isto, daráselle continuidade á campaña iniciada en 2025, a través da cal incentivar a actividade turística galega mediante a promoción dos recursos naturais, culturais e gastronómicos da rexión.

Ademais, manterase o traballo en modalidades como o turismo de natureza e activo, un dos principais motivos de atracción de Galicia. Neste sentido, cabe destacar o traballo coa alianza España Verde, que realizará distintas accións no mercado británico e italiano e coa cal se prevén viaxes de familiarización para os mercados xaponés, chinés, norteamericano, mexicano e alemán. Tamén se manteñen as colaboracións en materia de sendeirismo coa Federación Galega de Montañismo e as accións para a difusión do cicloturismo, con especial foco no recoñecemento da rede europea EuroVelo.

Outro produto consolidado é o desfile dos entroidos tradicionais de Galicia, que en 2026 chega á súa décima edición, no cal está prevista a participación máis numerosa da historia, con 20 grupos. Tamén se vai traballar no turismo rural, turismo ornitolóxico ou turismo enogastronómico, a través da continuidade de iniciativas como o Outono gastronómico, De Tapas por Galicia, Xornadas de portas abertas nas rutas dos viños ou os Trens turísticos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA LIDERA A ESTRATEXIA QUE LLE PERMITIRÁ Á RESERVA DE BIOSFERA GERÊS-XURÉS CONTAR CO MAIOR FINANCIAMENTO EUROPEO DA SÚA HISTORIA CON 12 M€

- Este espazo natural recibirá o 40 % do total do orzamento da convocatoria do Programa de cooperación Interreg España-Portugal (Poctep) destinado ás sete áreas funcionais da fronteira hispano-lusa
- O Consello da Xunta tomou hoxe razón dos proxectos que obtiveron financiamento: o Ecoreg Gerês-Xurés, centrado na restauración ecolóxica; o Raia Gerês-Xurés, enfocado ao desenvolvemento territorial sostible, e o GEXPOCTEP, destinado á innovación e sostibilidade na gandería autóctona
- O 72 % do investimento executarase nos seis municipios galegos da reserva, que son Lobios, Entrimo, Muíños, Lobeira, Calvos de Randín e Bande

Galicia lidera a estratexia que lle permitirá á Reserva de biosfera transfronteiriza Gerês-Xurés contar con 12 millóns de euros do Programa de cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP), o que supón o maior financiamento europeo da historia para este espazo natural protexido.

O Consello da Xunta tomou hoxe razón dos proxectos que se presentaron á nova convocatoria deste programa europeo e que obtiveron financiamento grazas á estratexia global promovida pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático orientada a maximizar a captación de fondos para esta reserva de biosfera.

De feito, este espazo natural recibirá o 40 % do total do orzamento da convocatoria deste programa europeo destinado ás sete áreas funcionais da fronteira hispano-lusa e que ten como obxectivo principal o impulso do desenvolvemento económico, social e ambiental deses espazos co apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder). Este resultado evidencia a capacidade de planificación, coordinación institucional e visión estratéxica da Xunta para posicionar esta área como a máis competitiva do programa Poctep.

En concreto, financiaranse tres proxectos con 12 millóns de euros, dos cales o 72 % – 8,65 millóns de euros– se executará nos seis municipios galegos da reserva –Lobios, Entrimo, Muíños, Lobeira, Calvos de Randín e Bande–. Os proxectos aprobados son o Ecoreg Gerês-Xurés, centrado na restauración ecolóxica, conservación ambiental e gobernanza; o Raia Gerês-Xurés, enfocado ao desenvolvemento territorial sostible, identidade e turismo, e o GEXPOCTEP, destinado á innovación e sostibilidade na gandería autóctona.

Os tres proxectos, froito da colaboración entre administracións, asociacións e entidades galegas e portuguesas, están plenamente aliñados coa Estratexia da reserva de biosfera transfronteiriza Gerês-Xurés (Egexur), aprobada en abril de 2025. Este enfoque

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

participativo reforza o modelo de gobernanza dos proxectos, baseados na cooperación institucional e na implicación directa da poboación local na conservación e xestión sostible da Reserva da biosfera.

No que atinxe ao Ecoreg Gerês-Xurés, está liderado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural –en colaboración co Instituto da Conservação da Natureza e das Florestas de Portugal– e ten como obxectivo fortalecer a biodiversidade e a resiliencia ecolóxica desta reserva de biosfera mediante actuacións coordinadas de conservación, restauración ecolóxica e participación social, no marco dunha gobernanza transfronteriza efectiva e adaptada ao cambio climático.

A través deste programa, que contará cun financiamento de 6,1 millóns de euros, dos cales máis do 75 % corresponden á parte galega, intervívase en máis de 1.100 hectáreas –470 ha en Galicia–. En concreto, executaranse tarefas de reforzo e conservación de especies autóctonas, restauración de hábitats prioritarios, así como medidas orientadas á prevención de incendios mediante a inclusión de solucións baseadas na natureza.

Máis polo miúdo, entre outras actuacións reforzaranse hábitats ripícolas e zonas lindeiras asociados a cursos de auga nos ríos Agro, Corga das Rozadas, Castro Laboreiro e Caldo, e melloraránse hábitats asociados ás formacións de carballeiras coa plantación de especies arbustivas autóctonas en colaboración coas comunidades de montes en man común.

No que respecta á restauración ecolóxica de ecosistemas alterados por incendios forestais, a maiores da plantación de flora autóctona e endémica e da erradicación de especies exóticas invasoras, estableceranse barreiras biolóxicas co fin de restablecer funcións ecolóxicas esenciais, incrementar a resiliencia climática e contribuír á conservación ambiental desta área transfronteiriza.

En canto ao GEXPOCTEP Gerês-Xurés, promovido pola Consellería do Medio Rural, contará con 2,3 millóns de euros –1,5 millóns para a súa execución en Galicia– e ten como obxectivo a creación dun territorio con discontinuidades na vexetación mediante gandarías de vacún e equino autóctono, empregando pasteiros adaptados, pastoreo rotacional e tecnoloxías que promovan a conservación da biodiversidade.

Deste xeito, fomentárase o uso eficiente do solo, a creación de cortalumes e a valorización da carne para mellorar a rendibilidade das explotacións. Ademais, impulsárase a economía local e a preservación do patrimonio paisaxístico, xenético e cultural, mediante un sistema gandeiro sostible e resiliente.

Ademais, o programa POCTEP tamén financiará con 3,6 millóns de euros, dos cales 2,5 millóns corresponden á parte galega, o proxecto Raia Gerês-Xurés, liderado pola Deputación de Ourense e coa colaboración de universidades e administracións locais galegas e portuguesas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo desta iniciativa é contribuír ao desenvolvemento sostible da reserva mediante o fortalecemento dunha identidade territorial compartida, o impulso de actividades baseadas nos recursos locais e na posta en valor do patrimonio natural e cultural co propósito de reforzar a cohesión social, económica e ecolóxica de ambos os lados da fronteira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA ACADARÁ ESTE ANO 31 INVESTIGADORES OPORTUNIUS GRAZAS Á CONTRATACIÓN DE SEIS NOVOS

- Os 25 científicos contratados pola Xunta ata agora traballan en centros de investigación das tres universidades públicas galegas
- O Goberno galego suma unha achega de 27,6 M€ a este programa para propiciar un retorno total estimado de 150 M€, o que supón multiplicar por cinco o investimento
- Trátase dunha iniciativa de éxito para atraer, recuperar e reter talento científico do máis alto nivel, con profesionais cunha axuda do ERC, os máis prestixiosos de Europa
- Os grupos de investigadores apoiados por este programa en Galicia xeraron 291 postos de traballo para persoal investigador e de xestión
- Por primeira vez, a Xunta participará nunha empresa creada por un investigador Oportunius para comercializar os resultados do traballo de Javier Montenegro

Galicia chegará este ano aos 31 investigadores Oportunius grazas á convocatoria de seis novas prazas que se publicarán esta semana. A Comunidade galega afianza así o seu compromiso de dar oportunidades a científicos de alto nivel para que traballen desde aquí e contribúan a reforzar a nosa I+G+i. Nesta aposta por crear un ecosistema galego investigador de excelencia, o programa Oportunius é clave para xerar, atraer, recuperar e reter talento aos nosos centros de investigación e para a captación de fondos do Consello Europeo de Investigación (ERC), pois todos os investigadores contratados reciben axudas deste órgano, que son as de maior prestixio no ámbito comunitario.

Este ano, o investimento da Xunta en Oportunius ascenderá a 6,2 M€, o que permitirá, entre outros obxectivos, a formalización de seis novos contratos para científicos en centros de investigación galegos. Desde a súa posta en marcha en 2014, a inversión total é de 27,6 M€. Unha vez realizadas as incorporacións, o retorno previsto para todo o período é de 150 M€, o que supón multiplicar por máis de cinco o orzamento público achegado. Ademais, os grupos dos investigadores apoiados a través do programa Oportunius xeraron 291 postos de traballo para persoal investigador e de xestión.

Desde o seu inicio, o programa Oportunius é fundamental na estratexia da Xunta no ámbito da investigación, co obxectivo de que científicos galegos, doutras comunidades autónomas e doutros países escollan Galicia para consolidar unha traxectoria científica excelente, apostando por unha contorna profesional atractiva e calidade de vida.

Dos 25 contratos realizados ata o momento, 11, é dicir, o 44%, permitiron reter en Galicia a investigadores que poderían marchar a outros destinos e que, deste xeito, continuarán a súa traxectoria científica de excelencia na Comunidade. De feito, desde o inicio de Oportunius Galicia non perdeu ningún investigador ERC. Sete (28%) corresponden a profesionais que marcharan previamente e que, grazas a Oportunius, decidiron retornar a Galicia. Finalmente, outros sete científicos (28%) optaron por

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

trasladarse a traballar e vivir á nosa terra grazas á consecución dun contrato Oportunius. A cifra total chegará a 31 nos próximos meses, unha vez que se realicen as seis novas contratacións.

Centros e liñas de investigación

Os 25 contratos de Persoal Investigador Distinguido intégranse en centros universitarios, 20 deles en centros da Rede CIGUS. Por universidades, 18 fan o seu labor en centros da Universidade de Santiago de Compostela (nove no CiQUS, catro no CiMUS, un no CiTIUS, un no IGFAE, un no CRETUS, un no IDEGA e un no iTERRA), catro en centros da Universidade da Coruña (dous no CICA e dous no CITENI) e dous na Universidade de Vigo (no CIM). Un máis forma parte do CISPAC, un centro interuniversitario compartido entre as tres universidades públicas da Comunidade.

Os investigadores contratados despuntan en proxectos referentes en nanotecnoloxía, ciencia de polímeros, física de partículas, química orgánica, electrónica molecular, biofabricación, radioterapia, bioloxía molecular, bioxeografía, bioloxía evolutiva ou paleontoloxía. Outras disciplinas nas que destacan son xenética do cancro, resistencia a enfermidades, pesca sostible, antropoloxía médica, lingüística e relixiosa, economía circular, materiais intelixentes, novos materiais, ciencias da computación ou prehistoria.

Todos eles reciben apoio da Xunta durante os cinco ou seis anos de vixencia da axuda, por importes de 80.000 €, 65.000 € ou 50.000 € ao ano en función do seu nivel. Ademais, este apoio continúa unha vez que finaliza a axuda de ERC. Durante un período de ata catro anos, poden continuar recibindo unha achega autonómica de 50.000 €/ano.

Transferencia de resultados de I+D+i

As actividades de transferencia do persoal contratado a través de Oportunius conseguiron xerar un total de 5,2 M€, dos que 4,1 M€ (cerca do 80%) corresponden ao desenvolvemento de oito proxectos de valorización para escalar os resultados obtidos no laboratorio e explotalos mediante licenzas, creación de spin-offs ou outras vías. Cinco destes proxectos reciben apoio do programa Ignicia da Xunta. Destacan especialmente *MEDICs*, dirixido por José Luis Mascareñas, e *TraffikGene*, liderado por Javier Montenegro, que posteriormente obtiveron axudas EIC Transition do Consello Europeo de Innovación, un programa altamente competitivo. No caso de *TraffikGene* o proxecto dará lugar a unha empresa na que, por primeira vez, a Xunta participará para comercializar os resultados froito do labor investigador.

Apoio na presentación de candidaturas

Ademais da contratación destes 25 profesionais como Persoal Investigador Distinguido, o programa Oportunius conta con numerosas liñas de acción para favorecer a carreira investigadora. Así, por exemplo, asesórase a profesionais que queren optar a axudas ERC. En total, desde que comezaran as axudas ERC en 2007, Galicia suma 44 gañadores que desenvolven 55 proxectos. Dentro desta cifra de 44 intégranse os 25 xa referidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Aínda que a maior parte dos ERC optan por asinar un contrato de Persoal Investigador Distinguido, aqueles que non o fan tamén poden recibir un complemento retributivo de entre 5.000 e 8.000 €/ano se deciden desenvolver a súa investigación en Galicia.

Grazas a esta ampla estratexia de acompañamento, Galicia sitúase na sexta posición das comunidades autónomas en número de proxectos ERC liderados e fondos captados, só por detrás de Cataluña, Madrid, Comunidade Valenciana, País Vasco e Andalucía. Ademais, en canto ao éxito das candidaturas presentadas, Galicia colócase en terceira posición estatal, cunha taxa do 11,3%, só por detrás de Cataluña e País Vasco.

Neste senso, Oportunius conta tamén con axudas económicas para investigadores que se presentaron ás axudas ERC e quedaron ás portas de logralo. Dese xeito, facilítase que poidan volver a intentalo. Así, o apoio está condicionado a que se comprometan a presentar unha nova proposta cunha entidade galega, un importe de 50.000 € en dúas anualidades, así como asesoramento experto para apoiar a preparación da mesma.

Froito dos servizos de identificación de talento, asesoramento experto, preparación de propostas e acompañamento en entrevistas para incrementar a taxa de éxito das candidaturas galegas a ERC, avaliáronse 331 candidaturas. Ademais, desenvolvéronse 31 talleres con 773 participantes, así como accións de acompañamento a persoal. Este labor contribuíu ao incremento das propostas a ERC: en 2025 presentáronse 55 proxectos desde Galicia, máis do dobre que en 2023, ano no que se formalizaron 25.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DA PRIMEIRA LEI REGULADORA DO TERCEIRO SECTOR DA ACCIÓN SOCIAL DE GALICIA

- Salienta que se busca “unificar nun único texto legal a regulación dun sector” que conta con 1.500 entidades na comunidade
- “Queremos recoñecer de xeito formal o seu traballo e o papel que xogan na sociedade”, indicou
- A conselleira de Política Social e Igualdade salienta o labor “desta auténtica rede de solidariedade” que apoia a diferentes colectivos
- Abrirase unha consulta pública previa para recoller as achegas de toda a sociedade galega, en especial, das entidades representativas deste ámbito
- Entre outros aspectos, a nova norma abordará a creación dun censo e dun plan de impulso e promoción do sector

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu conta do inicio da tramitación do anteproxecto da que será “a primeira Lei do terceiro sector da acción social de Galicia”. Unha norma que busca “unificar nun único texto legal a regulación deste eido e recoñecer de xeito formal o seu traballo e o papel que xogan as entidades na sociedade galega”, resaltou.

A necesidade de aprobar esta lei xustifícase na importante presenza destas entidades en Galicia, preto de 1.500, -que constitúen “unha auténtica rede de solidariedade”, segundo resaltou a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García-, para apoiar as persoas e fogares máis vulnerables, e coas que o Goberno galego, segundo indicou Rueda, mantén “unha estreita colaboración”.

A Xunta quere que a tramitación desta ferramenta legislativa sexa aberta e participativa, de maneira que se recollan as achegas de toda a sociedade galega, en especial, das entidades representativas do terceiro sector. Con esta finalidade, nos vindeiros días abrirase unha consulta pública previa para a presentación de propostas e, a continuación, comezar a redacción do anteproxecto de lei. A previsión é que o proxecto de lei se aprobe a finais deste ano para o seu envío ao Parlamento de Galicia.

Neste sentido, tal e como explicou a conselleira, os principais aspectos que se queren regular nesta lei son: “definir e delimitar o conxunto de entidades e organizacións que conforman o terceiro sector de Galicia”, así como establecer os principios reitores destas. Tamén se recolle a elaboración dun censo de organizacións, que sexa compatible con outros rexistros públicos en que se inscriben estas entidades “para reducir as cargas burocráticas”.

Ademais, a futura norma ten entre os seus obxectivos a elaboración dun plan de impulso e promoción das entidades así como reforzar a súa participación a través dunha Mesa do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Terceiro Sector da Acción Social de Galicia, como un órgano de carácter participativo no ámbito da Xunta.

En definitiva, o obxectivo da nova lei é regular a actividade das entidades do ámbito social, establecer os principios reitores do seu funcionamento e a súa relación coas administracións, e contribuír a pór en valor a relevancia que teñen para o desenvolvemento social e económico de Galicia. “Trátase de axentes imprescindibles para o bo funcionamento da comunidade e aos que sempre estaremos agradecidos”, indicou a conselleira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CUMPRE COS OBOECTIVOS DE ESTABILIDADE NO ANO 2025 GRAZAS A UNHA POLÍTICA RESPONSABLE QUE PROMOVE MÁIS CRECEMENTO E EMPREGO

- A Comunidade galega rexistrou un saldo fiscal positivo do 0,18 % do PIB cun comportamento mellor que a media española, que foi do -0,30 %
- A Xunta sitúase nos primeiros postos das comunidades autónomas en esforzo investidor, cun 14,5 %
- En cinco anos reduciuse un 29 % a ratio de débeda sobre PIB na Comunidade Autónoma galega
- Galicia segue sendo un referente entre as comunidades que máis rápido pagan aos seus provedores, con 15,6 días de período medio de pagamento, 10,5 días antes que a media das comunidades autónomas

Galicia cumpre cos obxectivos de estabilidade no 2025, grazas a unha política responsable que promove máis crecemento e emprego. Así o destacou o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, que lle presentou hoxe ao Consello do Goberno os datos do peche do exercicio do ano 2025, que mellora as previsións iniciais, nas cales se prevía un déficit cero.

Deste xeito, a Comunidade galega rexistrou un saldo fiscal positivo do 0,18 % do PIB, cun comportamento, un ano máis, mellor que a media española, que foi do -0,30 % . Forma parte, ademais, do grupo de comunidades autónomas que pecharon o ano 2025 cun resultado equilibrado, blindando, ao mesmo tempo, os servizos públicos, cun aumento dos gastos non financeiros do 5,5 % e unha diminución nos xuros de 54 M€ (-15,5 %), que permitiron dedicar máis recursos ás políticas públicas.

O documento destaca que a Xunta realiza o segundo maior esforzo investidor de todas as comunidades, acadando o 14,5 %, o que permitiu, sen necesidade de acudir ao endebedamento, aumentar os investimentos en sanidade, con 107 M€ máis en hospitais e 24 M€ máis en centros de saúde, tamén en educación, con 60 M€ máis en centros de ensino. Para a construción e o fomento de rehabilitación de vivendas dedicáronse 132 M€ máis e 40 M€ en mobilidade sostible, ou 59 M€ máis para a dinamización económica do medio rural.

Menor endebedamento e PMP

A pesar dos gastos excepcionais da pandemia, Galicia reduciu o nivel de endebedamento ata o 13,9 %, que é 3,6 puntos inferior ao de 2019. En cinco anos reduciuse un 29 % a ratio de débeda sobre PIB na comunidade galega, que continúa a ser a cuarta con menor endebedamento das comunidades autónomas de réxime común. A débeda de cada cidadán galego é hoxe 2.514 euros menor que a da media das comunidades autónomas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia consolídase como un referente entre as rexións que pagan de xeito máis áxil aos seus provedores, cun período medio de pagamento de 15,6 días, o que reduce 1,7 días o período con respecto ao ano anterior e pagando 10,5 días antes que a media española.

Conclusións

En definitiva, o Goberno galego pechou o ano 2025 cun saldo fiscal positivo do 0,18 % do PIB, o que mellorou as previsións iniciais, nas cales se prevía un obxectivo de déficit cero; obtívose unha capacidade de financiamento de 157 millóns de euros e executouse o 100 % dos fondos propios.

Faino, ademais, cumprindo as regras fiscais tanto no obxectivo de estabilidade como no obxectivo de débeda, axustándose á regra de gasto europea e, por segundo ano consecutivo, sen recorrer ao déficit.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA NA LU-862 EN VIVEIRO, CUN INVESTIMENTO QUE ROLDA OS 700.000 EUROS

- Trátase de intervir en dous treitos urbanos desta vía autonómica, que suman algo máis de 1,5 quilómetros de lonxitude, co obxectivo de minimizar o ruído ambiental
- Actuarase no treito da LU-862 que empeza no quilómetro 83+650 de 1.350 metros de lonxitude, e no tramo do punto quilométrico 86+170 de 230 metros, mediante a renovación do firme existente e outras actuacións complementarias
- Reporase o firme da calzada e os aparcamentos, que incluírá unha capa fonoabsorbente, repintaranse as marcas viarias para diminuír o ancho do carril e reducirse a velocidade a 40km/h

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar a licitación das obras de protección contra a contaminación acústica da LU-862, no treito urbano da vía autonómica ao seu paso por Viveiro.

O Goberno galego destinará a este contrato un investimento que rolda os 700.000 euros ás obras de mellora das características en dous treitos desta vía, que suman un total de algo máis de 1,5 quilómetros de lonxitude, co obxectivo de minorar o ruído ambiental procedente do tráfico, que acada unha intensidade media diaria nalgúns tramos de algo máis de 13.300 vehículos, ao seu paso polo núcleo do municipio viveirense.

Tras este acordo, a Xunta licitará nas vindeiras semanas esta obra, co obxectivo de adxudicar a execución das obras no derradeiro trimestre deste ano. O prazo de execución da actuación é de 12 meses.

Con esta intervención, a Xunta segue avanzando no traballo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, de xestión do ruído xerado polas estradas de titularidade autonómica.

Características

A estrada LU-862 é unha vía dunha soa calzada que consta dun carril por sentido, de ancho variable e cunha velocidade xenérica de 50 km/h, con reducións nalgúns tramos a 40 km/h.

Os treitos de actuación teñen distintas características: No primeiro tramo, a sección tipo total actual é moi variable, oscilando a calzada entre 5,8 e 7 m. Consta de dous carrís, un por cada sentido, con aparcamento en varias zonas, tanto en liña como en batería. E o segundo tramo ten unha calzada de 7 metros, con dous carrís, un por cada sentido, e só unha zona de aparcamento en batería na marxe dereita.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, para solucionar a problemática acústica actuarase nestes dous tramos da estrada LU-862: o primeiro que empeza no punto quilométrico 83+650 de 1.350 metros de lonxitude, e o segundo no punto quilométrico 86+170 de 230 metros, mediante a renovación do firme existente e outras actuacións complementarias.

Entre as intervencións obxecto de contratacións están a reposición do firme da calzada e nos aparcamentos, na cal se inclúe unha capa fonoabsorbente, así como o posterior repintado das marcas viarias para diminuír o ancho do carril onde sexa posible, colocando na parte central marcas brancas transversais ou dobre liña continua segundo cada caso.

En concreto, no primeiro treito da actuación desprazaranse as liñas de bordo cara ao exterior, reducindo o ancho dos carrís e deixando unha calzada dun carril de 3,30 m por sentido de circulación; gáñase espazo na zona central para o pintado de marcas brancas transversais a modo de mediana de 0,5 m, cando as dimensións o permitan.

No segundo tramo, desprazaranse as liñas de bordo cara ao exterior, reducindo o ancho dos carrís e gañando espazo na zona central, que servirá para o pintado de marcas brancas transversais a modo de mediana de 1 m, polo que quedará o xiro á esquerda inhabilitado na zona onde se sitúan os aparcamentos.

Tamén se prevé a redución da velocidade a 40 km/h, o que permitirá o calmado do tráfico existente.

Ademais, mellorarase unha intersección ao final do segundo tramo (punto quilométrico 86+910), necesaria para que os vehículos reduzan a velocidade antes de chegar ao treito de actuación, e poidan facer o xiro á esquerda os vehículos que se atopen estacionados en batería.

A totalidade dos terreos por onde se desenvolven as actuacións encóntrase dentro da liña e dominio público, e non realizarán ningún tipo de ocupación das propiedades lindeiras, polo que non será necesario realizar expropiacións.

Estas actuacións da Xunta contan cos fondos do Programa operativo Feder 21/27.


Treitos da actuación:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Planta de actuacións:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A INFORMACIÓN PÚBLICA DO ESTUDO INFORMATIVO E DE IMPACTO AMBIENTAL DA VARIANTE DE VIVEIRO

- A variante busca mellorar as comunicacións neste concello lucense, o principal núcleo da Mariña lucense e o terceiro máis poboado da provincia, e liberar de tráfico o núcleo urbano
- O estudo informativo artella unha estrada cun percorrido completo de algo máis de 10 km distribuídos en 2 variantes, a oeste (cara a Vicedo) e a leste, que conectará tanto co porto de Celeiro cun ramal como co corredor Celeiro-San Cibrao
- A actuación dividirase en fases para os efectos da execución das obras e a primeira que se desenvolverá é a variante leste, cun percorrido de 6,2 km e cun orzamento previsto de 37,6 M€

O Consello da Xunta deu conta hoxe da próxima información pública do estudo informativo e de impacto ambiental da variante de Viveiro.

Con esta actuación, a Xunta busca mellorar as comunicacións neste concello lucense, o principal núcleo da Mariña lucense e o terceiro máis poboado da provincia, cunha alternativa con menor impacto nesta contorna de grandes valores naturais, e que vai permitir articular todo o tráfico do concello de Viveiro.

Deste xeito, prevese que preto dun 60 % de todo o tráfico actual se desprace á futura variante, que absorbería todo o de longo percorrido, así como o dirixido cara ao porto de Celeiro e parte do tráfico local (no núcleo de Viveiro é actualmente de máis de 13.000 vehículos ao día).


O estudo informativo que someterá nas vindeiras semanas a Xunta a información pública propón un percorrido completo de algo máis de 10 km distribuídos en 2 variantes, a oeste (cara a Vicedo) e a leste, que conecta tanto co porto de Celeiro cun ramal como co corredor Celeiro-San Cibrao. Posteriormente, esta actuación dividirase en fases para os efectos da execución das obras.

A variante leste, a primeira que se desenvolverá, discorrerá ao longo de 6,2 km desde a glorieta de conexión na estrada LU-540 no comezo da travesía de Viveiro, ata a glorieta de inicio do corredor Celeiro-San Cibrao, ao cal se dá continuidade. O investimento é de 37,6 M€ e, unha vez finalizada, terá un tempo previsto de percorrido de 6,22 minutos.

No percorrido destacan dúas grandes estruturas, que serán os 2 viadutos, un de 503 m en Celeiro e outro de 130 m no Rego Fontecova, e tamén a glorieta de conexión coa LU-862.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A previsión da Xunta para esta variante é licitar a redacción do proxecto construtivo neste semestre.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA SERÁ A PRIMEIRA COMUNIDADE EN ENGADIR A PROTECCIÓN FRONTE AO MENINGOCOCO B AOS 12 ANOS NO CALENDARIO VACINAL, O MÁIS COMPLETO DO MUNDO

- A partir do mes de maio engádese un reforzo para adolescentes fronte á forma máis frecuente da meninxite
- A enfermidade meningocócica, aínda que pouco frecuente, pode ser grave e deixar secuelas permanentes, como danos neurolóxicos
- O Goberno galego segue as recomendacións da Organización Mundial da Saúde e do Comité Asesor de Vacinas da Asociación Española de Pediatría
- Esta vacina xa se administra aos dous e aos catro meses, máis unha dose de recordo ao facer un ano
- A nova dose, que suporá un aumento de 1,8 M€ no investimento previsto para a vacina do meningococo B, ofrecerase nas revisións rutineiras dos 12 anos, xunto con outras vacinas do calendario vacinal infantil
- Este ano recibirán a vacina adolescentes nados en 2014, arredor de 21.900
- Tamén desde o mes que vén, Galicia comezará a administrar a vacina de reforzo fronte ao sarampelo aos dous anos, en lugar de aos tres, para dar resposta á repunta de casos no ámbito nacional
- A Xunta continúa a mellorar o calendario de inmunización ao longo de toda a vida coa inclusión da vacina reforzada da gripe desde os 65 anos na campaña próxima

Galicia converterase na primeira comunidade que amplía a protección fronte ao meningococo B coa inclusión no calendario de vacinación dun reforzo aos 12 anos a partir do próximo mes de maio.

Así se reflicte no informe presentado esta mañá pola Consellería de Sanidade durante a reunión do Consello da Xunta. Neste informe recóllese a necesidade de reducir a posibilidade de contaxios na adolescencia, xa que a meninxite é unha das enfermidades infecciosas máis graves, cunha mortalidade de arredor do 10 % e secuelas permanentes, como amputacións ou danos neurolóxicos ata no 20 % dos superviventes.

Galicia foi pioneira na posta en marcha de medidas contra esta doenza, incluíndo historicamente vacinas como a do meningococo C, ACWY e, máis recentemente, a do meningococo B en lactantes.

A protección da adolescencia constitúe o paso final e necesario para o cumprimento do obxectivo da Organización Mundial da Saúde de derrotar a meninxite como problema de saúde pública en 2030. Ademais, a inclusión da vacina fronte ao meningococo B, preferentemente aos 12 anos, é unha recomendación do Comité Asesor de Vacinas da Asociación Española de Pediatría.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta medida responde á relevante carga de enfermidade asociada a este serogrupo, responsable historicamente dunha gran parte dos casos de enfermidade meningocócica invasiva tanto en España como en Galicia.

Trátase dunha enfermidade pouco frecuente pero de extrema gravidade, caracterizada por unha evolución rápida e potencialmente mortal. Pode manifestarse principalmente en forma de sepsis ou meningite, aínda que tamén pode dar lugar a outras presentacións clínicas graves, con importantes secuelas a longo prazo nos superviventes, como discapacidade neurolóxica, perda auditiva ou amputacións.

Vacunación de reforzo

A incorporación ao calendario vacinal realizarase de forma sistemática, a partir do 1 de maio, cando nenas e nenos fagan 12 anos, coincidindo coa administración doutras vacinas como a do meningococo ACWY ou a do virus de papiloma humano.

Polo tanto, este ano corresponderalle a arredor de 21.900 adolescentes nados en 2014. Representan un grupo de poboación clave na transmisión, polo que a medida pode favorecer unha diminución sostida da incidencia.

Administrarase unha única dose cando se dispoña da pauta completa (vacunación aos dous meses, aos catro meses e reforzo aos 12 meses) ou ben dúas doses cando non se teña completada a pauta infantil.

Así, a vacunación en adolescentes xustifícase para manter a protección individual, dado que a resposta inmunitaria inducida na infancia diminúe ao longo do tempo. A administración na adolescencia funciona como dose de reforzo, optimizando a persistencia de anticorpos nun período de maior interacción social e exposición.

A vacina fronte ao meningococo B, ademais, confire un grao de protección cruzada fronte á infección por gonococo. Nunha etapa vital onde as infeccións de transmisión sexual representan un desafío crecente, a protección fronte á gonorrea supón un beneficio secundario de enorme importancia para a saúde pública xuvenil.

A Consellería de Sanidade incrementará o investimento destinado a esta vacina en 1,8 millóns de euros, polo que pasará a supoñer 4,7 millóns anualmente.

Situación epidemiolóxica

A transmisión da enfermidade meningocócica invasiva prodúcese a través do contacto directo coas secrecións respiratorias dunha persoa infectada. O meningococo pode colonizar a nasofarinxe de forma asintomática durante períodos prolongados.

Calcúlase que unha proporción relevante da poboación pode ser portadora nasofarínxea en determinados momentos, aínda que menos do 1% destas persoas desenvolverá finalmente enfermidade invasiva.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Segundo os datos de vixilancia epidemiolóxica correspondentes ao ano 2025, en España rexistráronse 144 casos de enfermidade meningocócica por serogrupo B, o que supón unha taxa de incidencia de 0,30 casos por 100.000 habitantes.

En Galicia hai un descenso sostido de casos, sobre todo desde o ano 2000. Este descenso é máis evidente na poboación infantil e xuvenil, compatible co impacto positivo da vacinación na infancia, ademais doutros factores. Na temporada 2024-2025 detectáronse 5 casos de enfermidade meningocócica polo serogrupo B, un dos cales se deu na franxa de 10-14 anos.

Mellora continua do calendario vacinal

O Goberno galego aposta pola prevención e mantén actualizado de forma constante o seu calendario vacinal, incorporando as últimas novidades con base na evidencia científica sobre a súa efectividade e o beneficio para a sociedade.

Mostra diso é que tamén no mes de maio se adiantará a vacina de reforzo fronte ao sarampelo aos dous anos, en lugar de aos tres, para dar resposta á repunta de casos de infeccións por este virus a nivel nacional.

Ademais, a próxima campaña da gripe aumentará a protección fronte a este virus ao ampliar a vacina reforzada á poboación xeral de 65 a 69 anos. Deste xeito, administraráselles a todas as persoas de 65 ou máis anos, ademais de manter esta vacina reforzada para maiores de 60 que vivan en residencias sociosanitarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SENTA AS BASES PARA REGULAR A CREACIÓN E XESTIÓN DE DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS

- O Consello avalía o informe polo que as consellerías de Cultura, Lingua e Xuventude e de Facenda e Administración Pública buscan crear un marco que contribúa a optimizar o uso da administración electrónica
- A ferramenta ten en conta os procesos de xestión, os axentes implicados e as súas responsabilidades, os instrumentos para a xestión e as directrices para a súa implantación

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao informe sobre a política de xestión de documentos electrónicos no sector público autónomo de Galicia en que se sentan as bases para regular a creación e tramitación de documentos electrónicos auténticos, fiables e dispoñibles no tempo. Trátase dunha medida mediante a que as consellerías de Cultura, Lingua e Xuventude e de Facenda e Administración Pública buscan crear un marco que contribúa a optimizar a facer fiable e eficiente o uso da administración electrónica.

Para conseguilo, o Goberno galego pon en marcha unha nova ferramenta que está chamada a ser unha referencia para todos os desenvolvementos técnicos, normativos e organizativos en que se teñen en conta aspectos como os procesos de xestión documental, os axentes implicados e as súas responsabilidades, os instrumentos para a xestión e as directrices para a súa implantación.

Neste senso, cómpre lembrar que para elaborar esta proposta tívose en conta todo o proceso da xestión documental desde o seu nacemento ou creación ata a súa transferencia ao arquivo electrónico, ben para a súa conservación ou consulta ou para a súa eliminación. Trátase dun ciclo de vida que inclúe a captura, o rexistro, a clasificación, a descrición, o acceso, a cualificación, a conservación, a transferencia e a eliminación.

No relativo aos axentes implicados e ás súas responsabilidades, tivéronse en consideración, ademais das dúas consellerías implicadas, os órganos competentes na xestión de procedementos e servizos xeradores de documentos electrónicos e en materia de formación do persoal empregado público, a Comisión de Seguridade e Goberno electrónico, o Consello de Avaliación Documental de Galicia e o Consello de Arquivos de Galicia.

Outro dos aspectos fundamentais deste marco son os instrumentos para a xestión documental que permiten o correcto desenvolvemento de todos os procesos de xestión documental e entre os cales se inclúen o catálogo de sistemas dixitais, o inventario de información administrativa, o catálogo de procedementos e servizos, de series documentais e de tipoloxías documentais, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, en canto ás directrices funcionais, tecnolóxicas, operativas e organizativas, son as que inspirarán e permitirán o éxito desta política. Están relacionadas co modelo tecnolóxico, a política de sinatura electrónica e certificados dixitais, o modelo de seguridade e acceso, o modelo de dixitalización, de conservación, de ciclo de vida do documento electrónico, o procedemento de destrución e o plan de xestión de riscos.

Cómpre destacar que este recurso busca facilitar e sistematizar o labor dos traballadores e traballadoras, polo que a formación de todo o persoal implicado na xestión de documentos electrónicos deberá estar presente nos plans de formación continua da Administración. Ademais, a correcta aplicación desta política está suxeita a procedementos periódicos de supervisión que verifiquen o seu correcto cumprimento, polo que se constituirá un grupo de traballo integrado por persoal da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.